



XUNTA DE GALICIA

Xunta de Galicia

Consellería de Política Social

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

Santiago de Compostela 2019

Edita

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.
Consellería de Política Social.
Xunta de Galicia

Autor cartel portada

Asociación Amicos

Deseño

Seteseoito deseño gráfico

1ª Edición: 2020

DL: C 1283-2020



Sumario

ESPECIALIDADE DE ARTES PLÁSTICAS

Membros do xurado do programa Xuventude Crea 2019..... 9

Persoas premiadas

Carlota Álvarez Feijoo..... 10

Eva Antelo Mata..... 12

Laura Calvo González..... 14

Catuxa Negreira..... 16

Mar Ramón Soriano..... 18

Margot Rodríguez Salvador..... 20

Alejandro Sánchez Aguión..... 22

ESPECIALIDADE DE BANDA DESEÑADA

Membros do xurado do programa Xuventude Crea 2019..... 25

Persoas premiadas

Nove Noel..... 26

Alejandro Fariña Fdez..... 28

Ricardo Pérez Martínez..... 30

ESPECIALIDADE DE COCIÑA

Membros do xurado do programa Xuventude Crea 2019..... 33

Persoas premiadas

Margot Rguez Salvador..... 34

Francesca de Nigris..... 36

Ana Cristina Caballero Gómez..... 38

Pedro Vázquez Pereira..... 40

ESPECIALIDADE DE DANZA MODERNA

Membros do xurado do programa Xuventude Crea 2019..... 43

Persoas premiadas

Ana Rguez Salgueiro..... 44

Vento Studio..... 46

Suevia Rojo Moure..... 48

ESPECIALIDADE DE DESEÑO DE XOIAS

Membros do xurado do programa Xuventude Crea 2019..... 51

Persoas premiadas

Sergio Pazos Maneiro..... 52

Alexandro Castañón Vilariño..... 54

Adriana Oliveira Rego..... 56

ESPECIALIDADE DE FOTOGRAFÍA

Membros do xurado do programa Xuventude Crea 2019..... 59

Persoas premiadas

Alva Vidal Capón..... 60

Ariadna Silva Fdez..... 62

Breogán Alamancos Millán..... 64

Rebeca Lar..... 66

Beatriz Barros Touceda..... 68

José Ramón Carreira Núñez..... 70

Dennise Vaccarello..... 72

María de la Fuente Seoane..... 74

ESPECIALIDADE DE GRAFFITI

Membros do xurado do programa Xuventude Crea 2019..... 77

Persoas premiadas

Miguel Aurelio Cajaraville Mosquera..... 78

Margot Rguez. Salvador..... 80

Fercho R. M..... 82

Adrián Lomba..... 84

ESPECIALIDADE DE MODA

Membros do xurado do programa Xuventude Crea 2019..... 87

Persoas premiadas

Noelia Tojeiro Ramil..... 88

Alba Vidal Pazos..... 90

Ángel López Pérez..... 92

ESPECIALIDADE DE MÚSICA

Membros do xurado do programa Xuventude Crea 2019..... 95

Persoas premiadas

Sherchelios..... 96

Golden Wolves..... 98

Denis..... 100

Queridiño..... 102

ESPECIALIDADE DE POESÍA

Membros do xurado do programa Xuventude Crea 2019..... 105

Persoas premiadas

Hugo Lozano Hermida..... 106

Natalia Umpiérrez Suárez..... 112

Laura López Esteban..... 118

ESPECIALIDADE DE RELATO BREVE

Membros do xurado do programa Xuventude Crea 2019..... 125

Persoas premiadas

Nerea Pallares Vilar..... 126

Miguel Cavadas Docampo..... 132

Iago Fernández..... 138

ESPECIALIDADE DE TEATRO

Membros do xurado do programa Xuventude Crea 2019..... 145

Persoas premiadas

Gacela teatro..... 146

Solo Teatro..... 148

Farándula Velutina..... 150

Faisca teatro..... 152

LaBarata..... 154

ESPECIALIDADE DE VIDEOCREACIÓN

Membros do xurado do programa Xuventude Crea 2019..... 157

Persoas premiadas

Paula Valiño Rivera..... 158

Nicolás Vázquez Ben..... 160

Catuxa Negreira..... 162



Saúda

Fabiola García Martínez
Conselleira de Política Social

É difícil encerrar nun só libro a creatividade de toda a xuventude galega, mais nestas páxinas atopamos unha boa mostra do que teñen que ofrecer as nosas mozas e mozos. Obras e ideas que, de falar, nos amosarían o futuro dunha xeración e o futuro de todos nós como sociedade. Son as primeiras pinceladas de grandes proxectos e de persoas con ganas de destacar e deixar a súa pegada e o seu nome no mundo.

Xuventude Crea cumpre dez anos buscando dar espazo a estas aptitudes e premiando a súa creatividade e orixinalidade. Unha aposta polo talento da mocidade galega que no 2019 se viu ampliada coa creación dunha nova modalidade de danza moderna e que continuará expandindo a súa capacidade para servir de altofalante dos que veñen.

Unha edición na que participaron máis persoas que nunca e na que se buscou dotar de visibilidade a todas as obras a través de exposicións en distintos puntos da xeografía galega. Ademais, a primeira edición do encontro Mocidade, que reuniu na capital galega a xuventude de Galicia e do norte de Portugal, foi o escaparate perfecto para ensinar e presumir dos nosos mozos.

Como en todas as cousas da vida, o tempo permitíranos coñecer os pasos e o porvir das persoas que neste libro aparecen e como as súas inquedanzas se converten en éxitos. Un éxito que nos sentimos orgullosos de impulsar e do que xa nos sentimos partícipes todas as galegas e galegos.

An abstract watercolor splash on a light gray background. The splash is composed of various colors including red, orange, yellow, green, and brown, with a central white area. The colors are blended and layered, creating a sense of movement and depth. The text is centered over the white area.

ESPECIALIDADE DE
ARTES PLÁSTICAS



MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Yolanda Otero Balsa

Subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

Vogais

Mercedes Rozas Caeiro

Manuel Paz Mouta

Javier Expósito Paradela

Pedro Miguel González Galilea

José Eduardo López Valiña

Secretario

Santiago Aparicio Fernández

1º PREMIO



CARLOTA ÁLVAREZ FEIJOO

PIÑOR (OURENSE)

Desde pequena medrei creando todo aquilo que se me pasaba pola cabeza e aproveitando o que tiña na casa. Calquera manualidade era unha escusa para divertirme e co paso do tempo, esa forma de entreterme converteuse tamén nunha vía de expresión e liberación. Aínda que acudín a clases de pintura dos sete aos doce anos, a maior parte da aprendizaxe é autodidacta, movéndome sempre por aquilo que máis me gusta e me interesa, e probando continuamente cousas novas, desde lapis a óleos, pasando por goma eva, material reciclado...

Aínda que os meus estudos non están directamente relacionados coas artes plásticas e non teña unha dedicación profesional, entendo a arte como unha forma de vida coa que ser eu mesma.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2016-2018: IES N° 1, O Carballiño. Bacharelato humanístico

2018-actualidade: USC. Santiago de Compostela.
Cursando dobre Grao de Xornalismo e Comunicación Audiovisual.



A destrucción de Adán



2º PREMIO COMPARTIDO



EVA ANTELO MATA

WETZIHON, ZÜRICH (SUÍZA)

Apoia á túa artista local ;)

FORMACIÓN ACADÉMICA

2015-2019: Uvigo. Pontevedra. Grao en Belas Artes.

2019-2020: UMA. Málaga. Mestrado en Producción Artística Interdisciplinar.



As deidades infinitas que todo o ven, todo o oen, todo o ulen



2º PREMIO COMPARTIDO



LAURA CALVO GONZÁLEZ

CESURAS

Nacín en Galicia, nunha pequena aldea da Coruña. Alí, rodeada da miña familia, medrei entre árbores, amor e arte. Recordo con cariño as tardes xogando na horta coas miñas irmás, o olor a herba acabada de cortar e a asfalto mollado, os momentos de debuxo e lectura e as excursións á praia en calquera época do ano (non nos paraba o frío, a calor, a chuvia ou o vento).

A miña infancia levome a sentir un respecto inmenso cara a natureza en xeral, cara os ecosistemas mariños en particular. Son fotógrafa de ondas e buscadora de novas praias, consciente da situación preocupante de mares e océanos. Por iso, tamén son crebeira! Recoilo boias, píntoas e doullas unha segunda vida. Levo no meu ADN a innovación, a creatividade e ter un impacto positivo no mundo.

Só agardo que os meus soños non rematen aquí, teño tantas ideas coma boias hai á deriva no mar.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2014-2018: UDC. A Coruña. Grao en Educación Social

2018-2019: UDC. A Coruña. Mestrado en Innovación e Estratexia Dixital da Empresa

2020-2021: Observatorio Español RSC. Plataforma online. Curso de Experto en Responsabilidade Social.

FORMACIÓN PROFESIONAL

2017-2019: CEIDA (Centro de Referencia para a Educación Ambiental en Galicia), Oleiros

2017-2019: Escola de Música Clave de Fa, Betanzos

2019-2020: *Surfer Rule*, teletraballo

2020-actual: AuPair, Finlandia



Cormorán S. XXI



3º PREMIO COMPARTIDO



CATUXA NEGREIRA

SANTA COMBA

Desde pequena fun unha apaixonada dos trazos, as cores e as formas. Sempre sentín esta disciplina artística como unha vía de escape onde crear un imaxinario novo. Co tempo, atopei no deseño gráfico unha ferramenta perfecta para combinar todo o mundo visual coa creación de proxectos que mellorasen calquera aspecto das vidas doutras persoas.

Sempre fun unha defensora da crenza de que todo o mundo sabe debuxar. A arte está en todas partes e soamente precisamos pararnos un segundo a observala para darnos conta dela.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2014-2018: Deseño gráfico na Universidade Europea de Madrid.

2019: Curso de Preimpresión no CIFP Compostela. Santiago de Compostela.

FORMACIÓN PROFESIONAL

2019-actualidade: Deseñadora gráfica en Troquel Games. Teo, Galicia.



Destinos pendentes



3º PREMIO COMPARTIDO



MAR RAMÓN SORIANO

VALENCIA

Levo varios anos dedicándome á investigación e a creación de obra que fala dos procesos cotiás e do contorno doméstico, traballando no meu taller en Niñodaguia fago pezas que miran ao futuro desde a tradición cerámica. Realicei dúas exposicións individuais, unha na Fundación Eugenio Granell, en Santiago de Compostela titulada *Esa mujer* e outra no Centro Cultural Marcos Varcárcel en Ourense que tiña por nome *Sobremesa*. Ao mesmo tempo, participei durante estes anos en numerosas colectivas, no Marco de Vigo con *Alén dos xéneros*, no MAC da Coruña coa *15 Mostra Gas Natural Fenosan* ou na sala Amadís en Madrid, co gallo das axudas á creación concedidas polo INJUVE e coas que fun premiada. Sen entrar máis a fondo no currículo expositivo e de premios e bolsas, comentar que agora mesmo traballo nunha investigación doutoral sobre a utilización do obxecto cotiá na creación por parte de artistas mulleres e homes e os seus procesos á hora de construír unha obra.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2011-2015: UVIGO, Pontevedra, Grao en Belas Artes

2015-2016: UVIGO, Pontevedra, Mestrado en Arte, Creación e Investigación

2016-actualidade: UVIGO, Pontevedra, Doutorado en Belas Artes Creación e Investigación

FORMACIÓN PROFESIONAL

2019-2020: UVIGO Pontevedra, contrato predoutoral



36 registros de espacios inertes



MENCIÓN DE HONRA



MARGOT RODRÍGUEZ SALVADOR

ANNECY, ALTA SABOYA, FRANCIA

Son Margot, eumesa de 29 anos licenciada en Belas Artes. Non considero cumprir ningunha constancia que estableza unha única traxectoria artística. Os meus proxectos son espontáneos e non están gobernados baixo unha soa disciplina, polo que as miñas posibilidades convértense en infinitas. Apaixónanme as artes culinarias, domino o debuxo realista e desfruto levándoo á escala xigantesca, e tamén metín un pé no mundo do deseño dixital. Se xogamos cos coñecementos de varias ramas artísticas, aplicamos a dose adecuada e esprememos o seu potencial, a obra final será perfecta e total.

Un vermut mezclado é un autorretrato realista. Interesáronme as cores que lucía o interior do bar envolvendo unha situación ordinaria.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2008-2011: Instituto Concepción Arenal, Ferrol.
Bacharelato artístico.

2012-2017: Universidade de Vigo, Pontevedra.
Licenciada en Belas Artes.



Un vermut mezclado



MENCIÓN DE HONRA



ALEJANDRO SÁNCHEZ AGUIÓN

A CORUÑA

Sen experiencia profesional pero con ideas e ganas de emprender. O meu maxín desborda creatividade, autodidacta con axuda de internet. Gústame a filosofía do coñecemento libre, as novas tecnoloxías, buscar solución, compartir, reciclar e procurar un mundo máis sostible.


FORMACIÓN ACADÉMICA

2017-2018: Compañía de María, Santiago de Compostela. Título da ESO

2018-2002: Compañía de María, Santiago de Compostela. Título Bacharelato rama Tecnolóxica.



Autorretrato





ESPECIALIDADE DE
BANDA DESEÑADA



MEMBROS DO XURADO

Presidenta

M^{ra} José Fernández Laso
Xefa territorial da Consellería de Política Social en Ourense

Vogais

Lía Soto Rodríguez
Jorge Campos Sánchez
Isabell Seidel
Teresa de la Paz Grande Taboada

Secretario

Pablo Fernández Vila

1º PREMIO



NOEL NOVE

RIANXO

Interésame o poder narrativo das imaxes, como estas interfieren coa nosa experiencia visual e a maneira en que se relacionan co propio sistema de crenzas a nivel simbólico e memorístico. Os fluxos de información e a maneira cambiante que temos de consumir ese tipo de expresións. Se estas están realizadas na rúa, no espazo público, isto toma unha dimensión moi motivadora.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2007-2010: Técnico superior en Ilustración. ESD Pablo Picasso (A Coruña)

2011-2015: Grao en Comunicación Audiovisual. USC (Santiago de Compostela)

2009-2020: Ilustrador e muralista freelance.



Des minutos Urco Can

DES
MINUTOS
PASAN
LENTOS



2º PREMIO



ALEJANDRO FARIÑA FERNÁNDEZ

BETANZOS, A CORUÑA

Sempre usei o debuxo como unha vía de escape mentres que o cómic é o modo que teño para expresar ao resto do mundo o que me desacouga. Con *Escuma* o tema principal era os efectos do Alzheimer e como se configura a nosa entidade (quen somos?, que facemos?, os recordos son parte nosa ou o que nos fai ser nós?), partindo do meu propio medo a esquecer todo o que me fai ser humano: todos os recordos, sensacións, inquedanzas..., xa que como puiden ver nos meus avós, é unha enfermidade que evoluciona moi rápido desfacendo o propio ser e que afecta a toda a familia.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2015/-2017: EASD Pablo Picasso, curso de Artes Plásticas e Deseño en Ilustración.

2017-2019: CIFP Imaxe e Son, curso de Animación 3D, xogos e contornos interactivos.



Escuma



3º PREMIO



RICARDO PÉREZ MARTÍNEZ

A CORUÑA

Con 3 anos comecei a debuxar o pouco mundo que coñecía. Con 7 facía cómics, con 12 debuxaba todas as mesas do colexio, con 19 coñecín aos mestres, con 22 empecei a crear e quixen denunciar o malo do mundo. Agora teño 29 e concibo a arte como unha maneira para sandar a conciencia, unha arte útil que sirva aos demais. Con 50 espero debuxar moitas historias que axuden e queden no tempo, con 90 cada trazo será como o último e con 120 anos morrerei sorrindo.

<https://richiperezart.wordpress.com/>

FORMACIÓN ACADÉMICA

2016-2018: Galiza Ano cero

2019-actualidade: Mario Crecente & asociados

Premio Cómics/manga Deputación de Cáceres



Soños de pedra





ESPECIALIDADE DE
COCIÑA



MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Yolanda Otero Balsa

Subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

Vogais

Cristóbal Ramírez Gómez

Faustino Batallán Cons

Manuel Gago Mariño

Alejandro Iglesias Vázquez

Roberto Walther Schnellbach

Secretario

Santiago Aparicio Fernández

1º PREMIO



MARGOT RODRÍGUEZ SALVADOR

ANNECY, ALTA SABOYA, FRANCIA

Son Margot, eumesa de 29 anos licenciada en Belas Artes. Non considero cumprir ningunha constancia que estableza unha única traxectoria artística. Os meus proxectos son espontáneos e non están gobernados baixo unha soa disciplina, polo que as miñas posibilidades convértense en infinitas. Apaixónanme as artes culinarias, domino o debuxo realista e desfruto levándoo á escala xigantesca, e tamén metín un pé no mundo do deseño dixital. Se xogamos cos coñecementos de varias ramas artísticas, aplicamos a dose adecuada e esprememos o seu potencial, a obra final será perfecta e total.

Ceci n'est pas un Donut recibe o seu nome pola alusión á famosa "traizón das imaxes" de René Magritte. Creei así un *trampantojo*; unha ilusión para enganar ao ollo do comensal: este pensará toparse cun doce internacional cando realmente trátase dun prato principal típico galego. O resultado é unha reinterpretación deste respectuoso manxar, unha forma nova de degustar un cocido tradicional galego.


FORMACIÓN ACADÉMICA

2008-2011. Instituto Concepción Arenal, Ferrol.
Bacharelato artístico.

2012-2017. Universidade de Vigo, Pontevedra.
Licenciada en Belas Artes.



Ceci n'est pas un Donut



2º PREMIO



FRANCESCA DE NIGRIS

NOVARA, ITALIA

Son de orixe italiana mais considérome unha cidadá do mundo. Ao longo da miña vida vivín en seis países e levo os últimos cinco anos afincada en Santiago.

Para min, Galicia xa é como o meu fogar. Estou profundamente namorada da súa cultura, dos seus habitantes, dos seus sabores... A miña paixón pola cociña sempre estivo presente desde que era unha cativa, medrei ao carón dunha frase que na miña familia leva repetíndose ao longo de varias xeracións: "para cociñar ben tes que cociñar co corazón, con amor". En xeral, non me considero unha persoa creativa, agás cando se trata da cociña. Fascíname incorporar novos elementos, investigar e fusionar os sabores de diferentes culturas. Para min comer non é só unha necesidade básica senón un momento especial para compartir coas persoas que amas.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2010-2014, Novara, Graduada en Administración e Comercio Internacional

2014-2016, Novara, Mestrado en Finanzas e Recursos Humanos.

FORMACIÓN PROFESIONAL

2017: Empresa Pedra Salgada, Santiago de Compostela

2018-actual: empresa Tir Anymar, Santiago de Compostela



Polbo con crema de chícharos e menta



3º PREMIO COMPARTIDO



ANA CRISTINA CABALLERO GÓMEZ

BUCARAMANGA (SANTANDER) — COLOMBIA

Meu nome é Ana Cristina Caballero Gómez e teño 28 anos. Nacín en Colombia pero cando tiña 9 anos a miña nai tróuxonos aos meus 3 irmáns e a min. Ela xa viñera desde 6 anos antes en busca dun futuro mellor para todos nós.

Desde o ano 2000, cando cheguei a España, tiven a sorte de vivir en Galicia, concretamente en Lugo.

Desde aquela síntome agradecida por poder coñecer a súa xente, as súas paisaxes e empaparme da súa cultura e historia e o máis importante, aquí coñecín o meu compañeiro de vida, un galego de cepa, traballador, nobre e cun corazón que non lle cabe no peito; xunto a el temos o noso gran tesouro, Diego, o noso fillo, quen me dá a forza e a coraxe para descubrir quen son e todo o que podo facer. Por el, por min, por nós.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2012-2014: I.E.S Muralla Romana. Técnica superior en Estética Integral Benestar.

2015: Escola Lucense de tempo libre. Monitora de Ocio e Tempo libre.

2018-2019: UNED. COFPYD

FORMACIÓN PROFESIONAL

2016-2018: Clínica Santo Domingo. Lugo

2018: Alimentación saudable galega S.b L. Lugo



O de aquí con algo de allá



3º PREMIO COMPARTIDO



PEDRO VÁZQUEZ PEREIRA

OURENSE

Considérome un *Foodie lover*: un gran amante da gastronomía, sobre todo da atlántica/galega e un explorador culinario de novos sabores e tendencias gastronómicas.

Na actualidade compaxino o meu traballo nunha axencia de mercadotecnia dixital co meu proxecto persoal, EZ Comunicación, no que uno as miñas dúas paixóns: a gastronomía e o *mercadeo*. O que fago en EZ é axudar a que establecementos de restauración ofrezan un produto e servizo diferenciados traballando nunha mesma liña a comunicación online e a experiencia que se vive no establecemento.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2016-2020: Diversas formacións e postgrao en mercadotecnia.

2012-2016: UVigo. Pontevedra. Graduado en Publicidade e Relacións Públicas.

FORMACIÓN PROFESIONAL

2020- actualidade. Ledmon. Pontevedra.

2019-actualidade. EZ Comunicación. Piñor (Ourense).



Ramen galego



An abstract watercolor splash in shades of red, green, and brown, centered on a light grey background. The splash is composed of several overlapping, irregular shapes that radiate from a central white point, creating a starburst or floral effect. The colors are soft and blended, with some darker, more saturated areas interspersed with lighter, more delicate washes. The overall texture is soft and painterly.

ESPECIALIDADE DE
DANZA MODERNA



MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Yolanda Otero Balsa

Subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

Vogais

Raquel González García

Mercedes Suárez Rodríguez

Olga Cristina Ruiz López

Bárbara Piñeiro Vidal

Armando Martén Caballero

Secretaria

Carmen Pereiras Pérez

1º PREMIO



ANA RODRÍGUEZ SALGUEIRO

VIGO (PONTEVEDRA)

Desde moi pequena a miña paixón é a danza. Agora con 19 anos é tamén unha vocación que me permite traballar coa miña creatividade e expresar ideas a través dos movementos, o uso do espazo, a enerxía, a musicalidade...

Actualmente estou interesada tanto na creación artística coma na pedagogía. Grazas a elas podo compartir a miña disciplina con outras persoas e estar en continua aprendizaxe a nivel persoal e profesional.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2017-2019: CDAN Lugo. Lugo. Obtención do Grao Profesional de danza.


2019-actualidade: Institut del Teatre. Barcelona. Cursando o Grao Superior en danza.

EXPERIENCIA PROFESIONAL


2020-actualidade: Academia Color Dansa. Sant Cugat del Vallés.



Exilio



2º PREMIO



VENTO STUDIO

COLECTIVO CREADO PARA O CERTAME XUVENTUDE CREA 2019

Conformámolo tres amigos que ata agora non traballáramos xuntos, mais sempre compartiramos inquedanzas e sensibilidades similares respecto á creación.

Este concurso presentouse como a oportunidade perfecta para desenvolver e afondar nun proxecto que se caracteriza, sobre todo, pola nosa vontade de hibridar diferentes disciplinas artísticas: créanse sinerxías entre danza, vídeo, música e *acting* que se mostran en numerosas capas da peza, inspirados tamén pola música de Baiuca na súa idea de reconciliar estilos e temporalidades. Así se ven plasmadas no feito de que este proxecto foi establecido desde un inicio coma unha obra interdisciplinar. Desta forma, o resultado final puido adaptarse a diferentes categorías do concurso.

FORMACIÓN PROFESIONAL DO GRUPO

Germán Flores formouse no Conservatorio de Danza da Deputación da Coruña, onde cursou ata o grao profesional. Ao finalizar os seus estudos no conservatorio, foi admitido pola escola de danza de Víctor Ullate onde foi formado intensamente durante un ano. Desde o 2017, adícase a traballar por libre como bailarín en proxectos da índole máis diversa.

Irene López Juárez é estudante de Comunicación Audiovisual. Formouse no Conservatorio de Danza da Deputación da Coruña e en diferentes academias onde bailou diferentes estilos, como jazz, danza moderna e danza contemporánea. Na actualidade dedícase tamén á fotografía e conta con diversos traballos de artes plásticas.

Antón L. Yanguas é estudante de filosofía e bailarín afeccionado. Durante a súa vida pasou por diversas disciplinas tales como a patinaxe artística ou a ximnasia rítmica, e durante os sete anos que leva bailando pasou por numerosas escolas e estilos como o jazz-funk, a danza clásica e a danza contemporánea.



Mangüeiro



3º PREMIO



SUEVIA ROJO MOURE

SANTIAGO DE COMPOSTELA-A CORUÑA

Con catro anos despertei a miña curiosidade pola danza e comecei a facer clases e cursos de ballet e danza contemporánea en diferentes academias e en diferentes cidades da provincia da Coruña. No 2016 decidín que o que quería era estudar danza contemporánea e nese mesmo ano fixen a proba de acceso para o *Ginasiano Escola de Dança*, en O Porto-Portugal, na cal fun admitida. No 2020 completei os meus estudos nesta escola. Neses catro anos estudei diferentes técnicas de danza clásica e contemporánea, formándome con diferentes profesores e coreógrafos recoñecidos internacionalmente

Na actualidade, teño como obxectivo continuar os meus estudos de danza contemporánea no estranxeiro e fun admitida en varias escolas universitarias en países como Holanda, Austria e Suíza.

Para min a danza é unha maneira de expresión, de contactar e transmitir mensaxes que acheguen e melloren a nosa sociedade.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2016-2020. *Ginasiano Escola de Dança*. O Porto-Portugal. Curso de ensino artístico especializado en danza.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019-2020. *Kale Companhia de Dança*. O Porto-Portugal.



Fío de prata





ESPECIALIDADE DE
DESEÑO DE JOIAS



MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Elena Fabeiro Castro
Xerente da Fundación Centro Galego de Artesanía e do Deseño

Vogais

María Noelia Peña Pérez
José María Mayer Segade
Miguel Rodríguez Bertojo

Secretaria

M.ª Pilar Lorenzo Vilar

1º PREMIO



SERGIO PAZOS MANEIRO

PORTO DO SON (A CORUÑA)

Desde a infancia tiven unha visión artística chea de creatividade e unión coa natureza para logo dedicarme como vocación á xoiería, sentíndome como herdeiro dun oficio tradicional artístico tras un gran percorrido de enriquecemento e aprendizaxe, grazas ás xeracións de gremios de prateiros e acibecheiros.

Creo nunha revalorización dos produtos artesanais e das pezas únicas como unha forma de vida.

Traballo coa intención de fundir en cada unha das miñas creacións a pegada das tradicións da vida rural e a necesidade de coidar a nosa terra.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2016- Obtención da carta de artesán. Santiago de Compostela. Pratería xoiería.


2018-2020: EASD Mestre Mateo. Santiago de Compostela. Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño de xoiería.



Mares de prata



2º PREMIO



ALEXANDRO CASTAÑÓN VILARIÑO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

No meu traballo sempre ando a buscar novas formas de introducir novos materiais alleos á xoiaría tradicional. O proceso creativo é a miña parte favorita, ver como unha simple idea vaise transformando nunha xoia con poucos elementos, sempre tratando de casar a tradición dun traballo artesanal cun deseño ou material máis contemporáneo.

Na actualidade continuo cos meus estudos, aínda que a moda pode parecer un mundo diferente, sigo a encontrarme novas posibilidades de aplicación a xoiaría.

FORMACIÓN ACADÉMICA

Setembro 2016 – xuño 2018, EASD Mestre Mateo, Santiago de Compostela. Técnico Superior en Artes Plásticas – Xoiaría Artística

Setembro 2018 – actualidade, EASD Mestre Mateo, Santiago de Compostela. Grao en Deseño de Moda



3º PREMIO



ADRIANA OLVEIRA REGO

PORTO DO SON

Dando paus de cego desde que rematei o bacharelato, o destino levoume a estudar xoiería na escola de arte Mestre Mateo e aínda que sempre fun moito de traballar coas mans, esta arte ata o mesmo momento de comezar, era totalmente descoñecida para min.

Son dun pobo de mar e aínda que cría que ao virme para Santiago non o botaría en falta, ao rematar os estudos, botándolle un ollo aos proxectos, caín na conta en que a miña inspiración para todos eles foi a auga. Claro! Como sacar da cabeza ese olor a mar brava?

Por iso, máis que de pobo, son de mar... e brava.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2016-2017: EASD Mestre Mateo. Santiago de Compostela. Monográfico de xoiería.

2017-2019: EASD Mestre Mateo. Santiago de Compostela. Ciclo superior de xoiería artística.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019-2020 Empresa *Como pez en el agua*. Santiago de Compostela.



Nimbos



An abstract watercolor splash in shades of red, orange, and green on a light grey background. The splash is centered and radiates outwards, with a white, star-like shape in the middle. The colors are blended and layered, creating a soft, ethereal effect.

ESPECIALIDADE DE
FOTOGRAFÍA



MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Yolanda Otero Balsa

Subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

Vogais

Xoán Arias Soler

Xoán Álvarez Rey

Emilio Lavandeira Villar


Fernando Blanco Rajo

Sandra Alonso Suárez

Secretaria

M.ª Belén Pardal García

1º PREMIO COMPARTIDO



ALVA VIDAL CAPÓN

VIGO

No curso da miña experiencia vital como filla da raia e third culture kid, dediquei toda a información que absorbín a traballar o concepto de percepción. A autoanálise psicolóxica e emocional inseparable do impacto social e ético da arte foime ensinado pola miña mentora artística May. Paralelamente, aprender do fotógrafo arxentino Tony Vacas, violín clásico e música de cámara co violinista lituano Algirdas Pocius e Tatuaxe Corporal co tatuador portugués Pedro Guardão foron piares na miña formación con personaxes tan talentosos a nivel artístico como espléndidos a nivel persoal. Desta forma e descubrinto as vangardas estéticas deste século, Comezo a experimentar con pintura e maquillaxe tridimensional. Empezo a incubar unha linguaxe gráfica nova co avant-garde e inicio varios proxectos artísticos que serán determinantes no meu futuro: arte transgresor e activismo político/sociocultural (@cianopsia); romantización extrema do cotiá (@kosmicfirefly).

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2010-2013: Curso Científico-Humanístico Secundario en Artes Visuais – EBS Sidónio Pais, Caminha (Viana do Castelo, Portugal)
- 2011-2014: Formación en Fotografía Dixital (Escola de Fotografía Zona5 EDAF, Vigo)
- 2015 – Actualidade: Universitat Oberta de Catalunya. Grao Multimedia (Barcelona)
- 2019 – Actualidade: Universitat Oberta de Catalunya. Grao Artes (Barcelona)

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2012- actualidade: Fotógrafa (moda, música, artes performativas, cerimonias etc)
- 2015 – actualidade: Autónoma – Estudo de Arte e Tatuaxe (Tui)
- 2019 – actualidade: Autónoma – Plataforma en liña de moda independente e inclusiva (Tui)



Non estou tola, a miña realidade é diferente á túa



1º PREMIO COMPARTIDO



ARIADNA SILVA FERNÁNDEZ

A ESTRADA (PONTEVEDRA)

O meu traballo persoal deriva entre a fotografía e o vídeo-arte. En ambas as dúas disciplinas utilizo retóricas documentais que se interpretan como necesidades por profundar na miña relación coa paisaxe natural para construír unha mirada sobre el. Tamén me interesa o tránsito, o cambio e a dúbida: prefiro a incógnita antes que a evidencia. En 2018 publiquei o meu primeiro fotolibro, *Fillos do vento* (BANCO Editorial), un relato persoal e poético sobre a Rapa das Bestas de Sabucedo. En 2019 autopubliquei o fanzine *Historias mínimas*, un fotodiario de relatos íntimos. Ao longo destes anos participei en diversas exposicións, tanto individuais como colectivas e tamén formei parte de diversos festivais de fotografía e de cine no ámbito nacional e internacional.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2012-2014: IES Manuel García Barros. Bacharelato de Artes Plásticas.

2014-2016/2018 – en curso: USC. Santiago de Compostela / UOC – Universitat Oberta de Catalunya. Grao en Comunicación Audiovisual.

2017-2019: Escola TAI – URJC. Madrid. Mestrado en Fotografía Artística e Documental.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019: Portocabo. Vigo. Foto fixa na rodaxe da serie *Auga Seca*

2019: Ringo Media. Vigo. Foto fixa na rodaxe da curta *16 de decembro*


2013-actual: Gancho Producións. A Estrada. Dirección de fotografía e produción da webserie *A Cortados* (finalista nos Premios Mestre Mateo).



Cartografia do esquecimento



2º PREMIO COMPARTIDO



BREOGÁN ALAMANCOS MILLÁN

A POBRA DO CARAMIÑAL

[behance.net/breo_alamancos](https://www.behance.net/breo_alamancos)

[instagram.com/breoi](https://www.instagram.com/breoi)

FORMACIÓN ACADÉMICA

2009-2011: Xelmirez I. Santiago de Compostela.
Técnico en Laboratorio de imaxe.

2011-2013: EASD Mestre Mateo. Santiago de
Compostela. Técnico superior en Fotografía.

2014-2015: EASD Ramón Falcón. Lugo. Técnico en
Serigrafía artística.

2015-2020: EASD Ramón Falcón. Lugo. Graduado en
Deseño Gráfico.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2016-2020: Freelance

2019-2019: NOR267. Porto, Portugal.

2017-2020: Publicolor Serigrafía. A Pobra do
Caramiñal



2º PREMIO COMPARTIDO

REBECA
LAR

VIGO

Tramas escritas e palabras tecidas: o texto é material e concepto na miña obra. De esencia multidisciplinar, os meus últimos proxectos xorden dunha preocupación en torno á muller e ás súas representacións, sobre todo a da Bruxa, núcleo temático da miña tese doutoral.

Da miña traxectoria artística destaco exposicións individuais en Vigo, Santiago de Compostela e Boiro. Entre as mostras colectivas nas que participei, a nivel nacional e internacional, sobresaen aquelas vinculadas cos feminismos: *Alén dos xéneros* (MARCO e Auditorio de Galicia, 2017) ou *Así nos ven, así somos? A imaxe da muller na hacer* (Pinacoteca de Vigo, 2015).

FORMACIÓN ACADÉMICA

2017-actualidade: Universidade de Vigo. Programa de Doutoramento en Creación e Investigación en Arte Contemporánea. Pontevedra.

2016-2017: Universidade de Vigo. Mestrado en Arte Contemporánea. Creación e Investigación. Pontevedra.

2011-2015: Universidade de Vigo. Grao en Belas Artes. Pontevedra.

EXPERIENCIA PROFESIONAL


2017-2019: Universidade de Vigo. Contrato Predoutoral, persoal docente investigador.



Esvaecerse (como formigas nos infinitos campos amarelos)



3º PREMIO COMPARTIDO



BEATRIZ BARROS TOUCEDA

A ESTRADA

Son unha rapaza que fai relativamente pouco descubriu unha das súas paixóns:
a fotografía.

Aprendín a mirar máis aló, non só a ver o que temos diante senón a expresarme a
través da fotografía, trasladar os meus sentimentos, experiencias ou, como neste
caso, críticas a temas que nos afectan como sociedade. Todo iso vese reflectido
nos meus proxectos persoais.

Gústame a fotografía pero tamén adoro todo o proceso creativo, desde a primeira
idea a todo o traballo ata chegar á toma final.

Neste momento atópome no proceso de chegar a facer da miña paixón a miña
profesión.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2007-2011: IES nº 1, A Estrada. Graduado en ESO.


2017-2019: Escola de Arte Mestre Mateo. Santiago de Compostela. Ciclo superior en fotografía artística.

2019-2020: Too Many Flash. Madrid. Especialización en fotografía de moda.

2019-actualidade: Uvigo. Pontevedra. Grao en Publicidade e Relacións Públicas.



Caused by humans



3º PREMIO COMPARTIDO



JOSÉ RAMÓN CARREIRA NÚÑEZ

MELIDE - A CORUÑA

O meu nome é Ramón, teño 22 anos e estudo Belas Artes na Universidade de Salamanca xa que sempre me gustou o mundo da arte. Os meus intereses son a pintura, o debuxo, a moda, a música... pero a miña paixón é a fotografía e por iso decidín estudar fotografía na EASD Mestre Mateo. O retrato, a moda e a fotografía de autor son algúns dos xéneros fotográficos que máis me gustan e máis practico. O meu soño sería traballar para unha editorial de moda como director de arte ou fotógrafo.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2013-2015: IES de Curtis. Bacharelato.

2015-2017: CIFP Compostela. Técnico en panadaría, repostaría e confeitaría.


2017-2019: EASD Mestre Mateo. Técnico superior en artes plásticas e deseño en fotografía.



Microhomofobia



MENCIÓN DE HONRA 1



DENNISE VACCARELLO

LUGO

A obsesión que impulsa toda a miña produción artística é a paisaxe. Para explorar esta temática emprego distintas perspectivas e materiais. No caso da obra Foto carné, xogo coa personificación da natureza nun intento de buscar un trato máis humano cara outras especies, retratando os troncos das árbores coma se fosen persoas.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2014-2015: UVigo. Pontevedra. Mestrado en Arte Contemporánea. Creación e Investigación.

2008-2013: UB. Barcelona. Graduado en Belas Artes.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018-2020 Universidad de Vigo. Pontevedra.



Foto carné



MENCIÓN DE HONRA 2



MARÍA DE LA FUENTE SEOANE

XIXÓN (ASTURIAS)

Definirme a min mesma fáiseme complicado pero considérome unha persoa moi traballadora e moi auto esixente.

Gústanme as cousas ben feitas e traballo cada día para mellorar.

Penso que son unha persoa alegre, creativa e intento axudar sempre que fai falta.

A fotografía e a miña maneira de ver o mundo e poder amosarllo aos demais.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2017-2019: EASD Mestre Mateo. Santiago de Compostela. Técnica Superior de Artes Plásticas e Deseño na especialidade de fotografía.
Ciclo Superior de Fotografía.



Atípicos



An abstract graffiti-style artwork featuring a central white starburst shape. The starburst is surrounded by splatters and brushstrokes in various shades of red, pink, and magenta, with some green and yellow-green accents. The background is a light, textured grey. The overall style is expressive and dynamic.

ESPECIALIDADE DE
GRAFFITI



MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Yolanda Otero Balsa

Subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

Vogais

Amabel González Troncoso

Pow

Sax


Mon Devane

Alonso Antonio de la Cantera Álvarez

Secretaria

Begoña Rouco Vázquez

1º PREMIO



MIGUEL AURELIO CAJARVILLE MOSQUERA

BAIONA

Tras varios anos pintando, a carreira de Belas Artes e diversas vivencias, sigo sen saber definir con exactitude que é o que fago. Non me gusta definirme como artista, xa que aínda que coñeza as bases propias como debuxar ou pintar, non todos os valores e ideas que a arte transmite son os que me representan. Máis ben un coñecedor da técnica, ou un artesán é como podería nomearme, o cal forma parte dunha cultura popular como é o "Hip Hop", que ten como base principal o respecto.

A partir disto trato de realizar imaxes coas que transmita algo, calquera cousa, pero que non deixe a ninguén indiferente. Porén, non quere dicir que faga o que fago para contentar a ninguén, simplemente trato de crear cousas que emocionen, coas que eu estea satisfeito, aínda que isto é o máis complicado.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2014-2018 UVigo. Pontevedra. Licenciado en Belas Artes

EXPERIENCIA PROFESIONAL


- 2015. Xuventude Crea. Santiago de Compostela. Finalista especialidade de Graffiti
- 2016. Xuventude Crea. Santiago de Compostela. Finalista especialidade de Graffiti
- 2017. Xuventude Crea. Santiago de Compostela. 3º premio especialidade de Graffiti
- 2017. O Marisquiño. Vigo. Finalista I Concurso "No Hate"
- 2017. Museo Etnográfico Liste. Vigo. Decoración Mural
- 2019. Proxecto Ewa. Vigo. 2º Clasificado I Concurso "Batalla Mural"
- 2019. C.P.I. Cova Terreña. Baiona. Decoración Mural Exterior
- 2019. Museo Etnográfico Liste. Vigo. Decoración Mural Interior
- 2019. XIX O Marisquiño. Vigo. Exhibición Graffiti
- 2019. VICC (Vigo Cidade de Cor). Vigo. Muralista
- 2019. Xuventude Crea. Santiago de Compostela. 1º premio especialidade Graffiti
- 2019. I Batalla de Gallos Chapela. Chapela, Redondela. Muralista
- 2019. Muros que Unen Edición II. A Coruña. Muralista
- 2020. I Batalla de Gallos Redondela. Redondela. Muralista



Cor de corral



2º PREMIO



MARGOT RODRÍGUEZ SALVADOR

ANNECY, ALTA SABOYA, FRANCIA

Son Margot, eumesa de 29 anos licenciada en Belas Artes. Non considero cumprir ningunha constancia que estableza unha única traxectoria artística. Os meus proxectos son espontáneos e non están gobernados baixo unha soa disciplina, polo que as miñas posibilidades convértense en infinitas. Apaixonanme as artes culinarias, domino o debuxo realista e desfruto levándoo á escala xigantesca, e tamén metín un pé no mundo do deseño dixital. Se xogamos cos coñecementos de varias ramas artísticas, aplicamos a dose adecuada e esprememos o seu potencial, a obra final será perfecta e total.

Leonesa con bengala. Nesta obra expresionista retrato a felicidade dunha das miñas mellores amigas de León.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2008-2011: Instituto Concepción Arenal, Ferrol.
Bachillerato artístico.


2012-2017: Universidade de Vigo, Pontevedra.
Licenciada en Belas Artes.



Leonesa con bengala



3º PREMIO

**FERCHO
R. M.**

A CORUÑA


EXPERIENCIA PROFESIONALTatuadora no estudo *Zink Tattoos*

Malia que a miña "carreira" como debuxante comezou o día que collín un lapis, formeime para mellorar na miña paixón no bacharelato de artes. Aínda que non me cheguei a graduar, o simple feito de compartir espazo con alumnado con inquietudes parecidas ás miñas, axudoume moito a descubrir mundos como o da pintura en spray, ferramenta que supón para min unha das máis atractivas e divertidas técnicas. Sería máis tarde, no 2013, cando chegou ás miñas mans a miña primeira máquina de tatuar.

Desde ese mesmo día decidín apostar por convertelo na miña forma de vida, traballando como tatuadora no estudo *Zink Tattoos* na Coruña. Podédesme atopar alí facendo deseños riquiños para vivir nos pellos da xente. Tanto no debuxo como na tatuaxe e o graffiti, as miñas obras son doces e xogan coa fantasía, con formas xeralmente suaves e mesturando tons pastel con cores máis vivas.



MENCIÓN DE HONRA

**ADRIÁN
LOMBA**

VIGO, PONTEVEDRA

Toda a miña vida xira sobre o graffiti desde o ano 2004/2005.

Logo de diversas etapas nas que pinteí máis ou menos, tardei en atopar o meu propio estilo. Non foi ata fai relativamente pouco que o dei definido. Desde esa, tento seguir unha liña que me caracterice, mesturando estilos modernos con antigos e trucos adquiridos ao longo deste tempo.

Se tivese que falar de influencias eu diría que basicamente estou influenciado polo movemento de Galicia en xeral, pero máis directamente polo estilo da miña cidade e por xente que foi referente e coa que a día de hoxe pinto e da que sigo aprendendo. Graffiti nas rúas e *Solos crew* sempre.

FORMACIÓN ACADÉMICA

Autodidacta, sen estudos relacionados coa modalidade.



Octopoda grafitae



An abstract watercolor splash on a white background. The splash is composed of several overlapping, irregular shapes in shades of red, green, and brown. The colors are blended together, creating a soft, painterly effect. The red is the most prominent, followed by green and brown. The overall shape is roughly star-like or floral, with several points extending outwards. The text is centered over the white space in the middle of the splash.

ESPECIALIDADE DE
MODA



MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Yolanda Otero Balsa

Subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

Vogais

Heriberto Otero González

Belén Correa Corredoira

Patricia García Lema

María de Fátima Díez Platas

Paula Montoto Blanco

Secretaria

Ángela Fernández Rey

1º PREMIO



NOELIA TOJEIRO RAMIL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Son unha deseñadora de moda versátil e inconformista, preocupada pola sustentabilidade en todas as súas vertentes e amante da artesanía, a arte e a natureza.

Cada un dos meus proxectos mostra diferentes fontes de inspiración procedentes de ideas diversas, valores, emocións, conceptos, sensacións... que trato de transmitir cuidando sempre cada detalle e asegurándome de que todo o conxunto exprese á perfección a súa esencia e propia personalidade, todo isto sempre mostrando unha parte de min e da miña idiosincrasia.

Orixinalidade, ética, respecto ao medio ambiente, mestura de materiais, diversidade de técnicas, multiculturalismo, calidade e bos acabados son os piares nos que se fundamenta o meu traballo e cada unha das miñas creacións.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2014-2019: EASD Mestre Mateo. Santiago de Compostela. Graduada en Deseño de Moda.

2016: EASD Mestre Mateo. Santiago de Compostela. Curso de tinguido e estampación con pasta Thermofax.

2017: USC. Santiago de Compostela. Curso *Cando o efémero se eleva á categoría do sublime: moda, algo máis que un concepto*.

2017: USC. Santiago de Compostela. *Curso Slow Fashion, tradición artesá e innovación sostible*

EXPERIENCIA PROFESIONAL

Marzo 2018-abril 2018: prácticas externas en Carmen Vázquez Industria Téxtil, SL. A Coruña

Premio *Mellor colección Miscelánea* no desfile anual Despunte (EASD Mestre Mateo, nov. 2017).

Exposición da colección *WA* no Museo do Traxe con motivo do Mes do deseño emerxente (Museo do Traxe de Madrid, xuño 2018).

Segundo premio na especialidade de moda do programa Xuventude Crea 2018 coa colección *WA* (Xunta de Galicia, novembro 2018).

Premio Galteo *A lingua, arte da túa terra* (EASD Mestre Mateo, outubro 2019).

Primeiro premio na especialidade de moda do programa Xuventude Crea 2019 coa colección *Tomba* (Xunta de Galicia, novembro 2019).

Exposición da colección *Tomba* en Coruña The Style Outlets (Galiciademoda, decembro 2019).



Tomba



2º PREMIO



ALBA VIDAL PAZOS

PONTEVEDRA

Desde que era unha nena mostrei unha gran vocación artística sen pensar xamais en seguir un camiño afastado desta paixón.

Aos catorce anos comezou a miña aventura na moda. Empreguei os veráns en formarme en patronaxe, corte e confección, o que me levaría a consolidar esta afección estudando deseño de moda na EASD Mestre Mateo. No meu último ano, tiven a oportunidade de pasar un cuadrimestre cunha bolsa Erasmus en Sofía, Bulgaria, o que foi para min unha experiencia marabillosa que me cambiou a vida para sempre.

A colección *EVA00* foi o meu proxecto final da carreira, no que busquei plasmar unha importante parte de min utilizando como fontes de inspiración as teorías do filósofo Philipp Mainländer e o anime Neon Genesis Evangelion, dirixido por Hideaki Anno.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2014-2019: EASD Mestre Mateo, Santiago de Compostela. Título superior de Deseño de moda.

2017-2018: National Academy of Arts, Sofía, Bulgaria, Erasmus +



EVA00



3º PREMIO



ANGEL LÓPEZ PÉREZ

PONTEVEDRA

Son un creativo galego que traballa con diferentes disciplinas como o deseño, a fotografía e a videocreación. O meu primeiro contacto coa moda e a arte foi de cativo ao medrar rodeado de tecidos no taller da miña tía e ao asistir a clases de pintura durante máis de dez anos.

O meu interese pola fotografía comeza aos nove anos despois de usar a cámara dos meus pais, o que fai que tempo despois me regalen unha propia. Tras anos aprendendo de forma autodidacta, gradúome en Comunicación Audiovisual na USC e é a necesidade de traballar coas mans a que fai que me matricule en Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda da UVigo no que me encontro actualmente realizando o meu traballo fin de mestrado.

Participo no certame Xuventude Crea 2019 coa colección *The Messengers*.

O proxecto nace a partir dunha cita do pioneiro da vídeo arte, Bill Viola, e caracterízase polo uso de patróns sobredimensionados obtidos mediante corte láser, pezas pintadas a man e aluminio intervido.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2014-2018: USC. Santiago de Compostela. Grao en Comunicación Audiovisual.

2018-actualidade: UVigo. Pontevedra. Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2017: Atlántico Diario. Prácticas no departamento de fotografía.

2018: La Voz de Galicia. Prácticas no departamento de fotografía.

2019-2020: Universidade de Vigo. Bolsa de formación no departamento audiovisual.



The messengers



An abstract watercolor splash in shades of red, green, and brown, centered on a light grey background. The splash is composed of several overlapping, irregular shapes that radiate from a central white area. The colors are soft and blended, with some darker, more saturated areas. The overall effect is artistic and dynamic.

ESPECIALIDADE DE
MÚSICA



MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Yolanda Otero Balsa

Subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

Vogais

Gandy

Carlos Daniel Landeira Pena

Nonito Pereira Rey

Raquel Seijo Enríquez

Secretaria

M.^a Jesús López Cernadas

1º PREMIO



SHERCHELIOS (XERMÁN BUGALLO SANZ)

VIGO

Atraído polo vaivén das casualidades, das viaxes lóstrego e da fugacidade do tempo, observo con atención todo ao meu carón: un raio de sol, os escintileos do faro, o fume do *espresso*, o salitre nos beizos. Todo parte dunha emoción latexante, dunha inquedanza creativa. Estudo nas horas bisagra, a dous saltos e unha ponte, entre fíos que conectan música e medicina. A ferverza de cantigas a noventa latexos por minuto que chega no solpor é literatura acústica en barrica de carballo na hora máxica dunha pausa en Fa sostido. O pop que escoitarán ao abrir asegura un envase hermético.

FORMACIÓN ACADÉMICA

201-2017 USC. Santiago de Compostela. Graduado en Medicina.

2018-2019 Escola Nacional de Sanidade. Madrid. Mestrado en Saúde Pública.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018-actual: Residente Medicina Preventiva e Saúde Pública. Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.



Cantigas de Sal / Invierno en Cangas-Vigo



2º PREMIO



GOLDEN WOLVES

DATA DE CREACIÓN DO GRUPO: SETEMBRO 2018,
XINZO DE LIMIA (OURENSE)

No noso curto tempo de vida, desde Golden Wolves percorremos escenarios por Galicia e xestionamos diversos eventos relacionados coa cultura hip-hop dentro da nosa vila. Estes eventos consistiron en concertos en directo, batallas de galos, videoclips...

EXPERIENCIA PROFESIONAL

Somos un colectivo musical no que nós, os seus tres integrantes: MSD, Mxreno e Adira subimos o noso contido as redes. Ao principio facíámolo de xeito individual, de forma illada, pero desde que se creou o grupo, e coa axuda de colaboradores, levamos xa dous anos de traballos auto xestionados en canto a audio e vídeo cos que acumulamos máis de 20 vídeos, que fan un total de máis de 30.000 reproducións na nosa canle en YouTube.



GZ / Savage



3º PREMIO COMPARTIDO



DENIS (DENIS CARBALLÁS)

VIGO

Son un músico de Vigo, desde pequeno souben que quería selo, aínda que fago un pouco de todo. Principalmente toco a guitarra en bandas como *The Riggos* ou *Sniff & Crash*, á vez que gravo as miñas cancións (nas que toco todo en diferentes pistas) no meu estudo caseiro. Ademais, fago debuxos e dedícome ao audiovisual, o cal me leva a facer, no 2017, o documental *Cuna de músicos* xunto a Pablo Vázquez e a rodar diferentes vídeos de bandas galegas. En realidade, todo o meu traballo artístico xira, dunha maneira ou doutra, sobre á música: calquera proxecto que estea relacionado con ela motívame a traballar. O que máis me gusta é sentir que realmente desfruto ao levar a cabo un proxecto.

A pesar de ter estudado Comunicación Audiovisual, case todo o que fago é autodidacta. "Se ninguén o ensina, o mellor é probalo", esa é a miña máxima.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2006–2009: CMUS Vigo. Guitarra Grao Elemental

2009–2013: Laboratorio de Creatividade Musical. Vigo. Guitarra

2013–2017: UVigo. Pontevedra. Grao en Comunicación Audiovisual

2019–2020: MAIV de Vigo. Certificado de Profesionalidade en Deseño Gráfico de Produto

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2013–actualidade: Músico en diferentes proxectos

2017: Estudios Estereoarte. Vigo. Asistente de son

2017–2018: Regalamúsica S.L. Vigo. Redactor de contidos

2019–2020: Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. Deseñador Gráfico



Figuras molladas / Supermercado



3º PREMIO COMPARTIDO



QUERIDIÑO (DANIEL FERNÁNDEZ FILLOY)

O CARBALLIÑO (OURENSE)

Desde cativo sempre tiven inquedanzas artísticas. A miña nai, interiorista, cultivou o meu interese pola arte cos seus debuxos e as súas explicacións sobre arquitectura cada vez que viaxabamos. Grazas ao meu curmán, espertei unha gran paixón cara a realización audiovisual que non fixo máis que medrar cos anos converténdose en amor cara o cinema. Como referente na música, sempre tiven ao meu irmán maior que toca a guitarra.

Crear, comunicarse e emocionarse. Por estas influencias non podo dar máis cás grazas.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2020. Teño 17 anos e remato 2º de bacharelato este ano.



Poniente / Your name



An abstract watercolor splash in shades of red, green, and brown, centered on a light grey background. The splash is composed of several overlapping, irregular shapes that radiate from a central white point. The colors are blended and layered, creating a sense of movement and depth. The red is the most prominent, with various tones from deep maroon to bright pink. Green and brown are interspersed, adding complexity to the composition. The overall effect is that of a dynamic, organic form.

ESPECIALIDADE DE
POESÍA



MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Yolanda Otero Balsa

Subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

Vogais

Guadalupe Gómez Arto

Luis Rodríguez Tosar

Xosé Luna Sanmartín

Víctor Manuel Furelos Guillén

Secretaria

Ángela Fernández Rey

1º PREMIO



HUGO LOZANO HERMIDA

VILALBA

Fun contratado como investigador predoutoral grazas a unha axuda da Xunta de Galicia durante tres anos para a realización da miña tese doutoral.

FORMACIÓN ACADÉMICA

Licenciatura en Historia na Universidade de Santiago de Compostela

Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade na Universidade de Santiago de Compostela.



Moenda

As pingas douradas
agardan na eira.
Alegres na malla,
ven lonxe á muiñeira.

O río ruxe,
a trilla tece.

A moa, moe.

Pedra contra pedra
o tempo traballa,
tranquilo, sen présa,
levado pola auga.

A choiva repica,
o demo sorrí,
a noite asoma.

A moa, moe.

Lágrimas de trigo
agardan a quenda,
escorregan na tremoia
devoradas pola quenlla.

Murmura o río no caneiro
enchendo de auga o inferno,

O réquiem da muiñeira é silandeiro,
mentres agarra con forza o brandeiro,
Chega o momento,
a alma expira,
a terra chama,
o vento asubía.

A moa, moe.

Todos os grans, bos e malos,
feitos fariña e farelo.
Nese sino sementados,
mesma fin, mesmo comezo.

É por iso que así sempre
nas curtas noites de verán,
en cada espiga, cada gran,
soña co ceo que hai no pan.
Namentres a moa, moe.

Haiku do penúltimo capítulo

Caen as follas,
achegase a noite,
a dama sorrí.

Idea delirante

Dende o alto da xanela
abanéame o vento do norte,
indo máis ala dela
abandóname á sorte,
apúxame a vida, agárrame a morte.

Paxaro do luar

Cabe a Lúa nun peto,
sobe a brétema do mar,
rube o vento no abeto.
Sempre foi poder voar,
o meu soño secreto.

Na eira

Silenciosa na eira, agarda por min,
véxoa pola xanela do meu cuarto,
no día tebra escura, na noite lume,
hame levar pronto, seino, sábeo.

A soga da forza

A un fío imos suxeitos moi fino;
átanos á vida, serve de guía
ou fainos monicreques do destino?

Láquesis

Se é que por costume cala,
a orgullosa filla da Noite,
pobre aquel que non escoite
a esta moira cando fala.
Non a teñades por mala,
o que fai non é un meigallo,
trátase do seu traballo,
é ela a fiadora do fado,
mais non marca sen coidado
e nunca comete fallo.

Desexo da nada

Eu non é a fin o que temo, senón a soidade,
non estar convosco, se é que houbese eternidade,

non ter destino e vagar sen rumbo asemade,
vermos medrar as montañas sós, imaxinade.

A sombra do tempo

Miro e non me recoñezo,
engurras nas mans, na mente,
nas lembranzas.

Miro para diante e rezo
unha ladaíña carente
de esperanzas.

Sentimentos mudos


O silencio fala nos cemiterios,
óese amor nas bágoas caladas,
pálpase o respecto nos rostros serios.

Mármore

A choiva escorrega na gravura do meu nome,
o vento asubía contra a pedra que me cobre,
foxen quedas as bágoas, libres da túa orde,
o teu amor alcánzame nas tebras da morte.

Epitafio dun amigo

Séxanche as miñas palabras avío
a ti que les o meu nome aquí e choras,
de pouco me serve a min nestas horas
vervos sufrir polo meu desvarío.
Lembrade como eramos decotío,
lembrade as noites xuntos e as auroras,
lembrade as tardes apañando moras,
lembrade as troitas pescadas no río.
Sabedes que nunca fun eu coma os máis,



sabedes o que fixen, quen souben ser,
canto vos quixen, dicilo está demais.
Só preciso unha despedida breve
recorda que ti tamén has morrer
só pide que a terra me sexa leve.

Sons e fins

Nace a música na primeira nota,
mais morre sempre en silencio.

2º PREMIO



NATALIA UMPIÉRREZ SUÁREZ

OURENSE

Nacín o Día das Letras Galegas de 1989. Foi ese ano cando esta data pasou a ser festivo. Supoño que sería para que puidese quedar na casa e ver como cada ano o Xabarín poñía a miña foto para felicitar-me.

O Xabarín Club foi o meu maior mestre da lingua que emprego para facer malabares de palabras sobre colchóns de papel. Gústame chamalos así. Poetas son o Baldo Ramos ou a Luz Fandiño, entre moitos outros. Filla de uruguaio e neta de emigrante galega, comecei ben pequena a escribir e por esa inquedaanza decidín estudar Xornalismo. Coa miña obra *Artibiótico* recibín o 1º premio do programa Xuventude Crea no ano 2012. Agora, *No exilio da marxe* é o meu segundo premio como tal... Porque premios tamén son, por exemplo, os bos momentos vividos nos recitais de poesía e microrrelato de Compostela nos que participo con asiduidade.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2019 – Actualidade: Universidade do Minho. Braga (Portugal); b-learning. Mestrado em Espanhol Língua Segunda/Língua Estrangeira

2020: Instituto Cervantes de Lisboa (Portugal). Examinadora oficial DELE

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2016-2017: Hang-Kép Egyesület/Sound Picture Association. Debrecen. (Hungria)

2017-2018: Asociación Universitaria de Ciencias da Educación. Ourense

2018-2019: Cursos Internacionais, USC. Santiago de Compostela

2019: Centro de Recursos. Consellería de Educación da Embaixada de España en Portugal. Lisboa (Portugal)



De todo o que puido ser e non foi.
Das palabras que nunca chegaron ao papel,
das que nunca foron articuladas...
E que puideron ter salvado o teu ou o noso mundo,
Ou telo feito estalar en mil anacos.

I. Tracatrá

Que non sexa un trámite este trasfegar de verbas
Mentres trasnoito trafucando traumas e traizóns...
Pero a maior é a que transito, eu tránsfuga da travesía...
A que traballa por levar ao trasteiro os seus trasnos,
tratando de trazar travesas con tragos
facendo transfusión das traxedias e
facéndose de trampas un tratado.
E mentres...
visto todo este tráfico mental con traxe de trabalinguas
trala trabe que me sostén nesta tradición
de saltar os trampolíns da páxina que é traxecto
lembrando que o que ocultamos na nosa tremoia, a maioría das veces...
Non ten tradución.

II. Parto

Desfágome en anacos en cada unha destas liñas.
Vertébrome da verba fuxidía para facer un templo ó tempo.
Ó tempo presente.
Fíu un cordón umbilical entre o perecedoiro e a palabra esculpida en papel.
[...]
E dar luz así ó fe(i)to poético.

III. Convite a converter

Convídate a derrubar comigo os alicerces da descompostura.
A inventarmos unha nación onde non prevariquen co noso futuro.
Onde reparásemos no que nos arrebataron...
e onde reparásemos a nosa dignidade ferida.
Onde os únicos valados posibles fosen os que nos afastasen do miserento,
e onde o maxín que nos visite deitado no vento...
nos rescate na praia onde vare a nosa vontade desafiuada.

IV. Principios

31 Que non nos falte a humidade (daquel que se molla) nen a humildade...
xa que a palabra, coma o poder...
cando se cre suprema, non fai máis que corromper.
"Humildade" escríbese con hache porque non podía permitirse aparecer tan tarde no dicionario.

V. Onde non canta o grilo

Onde non canta o grilo as femias teñen voz.
Irrrompen nas verbas xamais transitadas para habitar cicloxéneses lilás.
Non hai inxerencia que anegue a súa vontade,
orgullosa de cubrirse co manto da sororidade.
Non teñen que buscar excusas para ficar e moito menos para marchar.
E sempre poderían atopar algunha certeza na que morar.
Esculcan á irmá coa admiración que atesoura a honestidade.
E extraen das trincheiras a súa esencia deturpada para tornala en sagrada.
Nese lugar atráve(r)sanse sen medo...
Que foi o demo que fixera o seu modo de deambular polo mundo.
E ficarían por fin xordas para obviar a arenga do ignorante sentando cátedra.
E florecerían en outono...
Eles pensarían que perden os papeis.
Pero realmente elas saben que o que perden son as súas follas.
Espíndose da aldraxe que as condenou dende sempre á vasalaxe.
Espindo verdades e deixándose ocos entre as polas...

para que se colasen as brisas... que debuxasen as súas risas abdicando,
por sempre... de máis nunca seren submisas.

VI. Dez en mudez

Cantas veces me precipitei ao papel...

Saltei ao abismo do parpadexo do cursor para á fin ficar muda coma o fixen ante ti.

Pasaron anos e aínda hoxe non atopo a verba que poda chegar a tocarte.

Sempre treme a medio reñgrón e dá media volta cabizbaixa.

Será porque sempre fomos silencio. E mesmo compuxemos acordes dese silencio que nos fixeron bailar na metáfora do que puido ser mais nunca tivo sido.

Ou igual si.

Porque se fomos algo pode que só o fomos nas metáforas que, coma sabas nas que nunca militamos, taparon as nosas bocas e escorregaron polas nosas mans.

E todo ao fin e ao cabo é hipótese e virámonos sen achar a fórmula que resolva o acorde do noso silencio no berro dun fermoso paradoxo que finalmente fose capaz de facer xemir a este reloxo.

VII. Quizais

Polas estradas da incertidume e xa sen saldo para máis peaxes,

as cadeas non son suficientes para amarrarme ó firme do teu corpo.

Quizais a miña esperanza leva demasiado tempo empadronada no teu recordo.

VIII. Desexo de desexo

Quero empadronarme na patria do luscofusco,

desxeir tras invernos interminables sobre cerdeiras en flor,

chuchar o néctar das derradeiras raiolas...

trocar en semente toda esta dor.

Fuxir de ter os pés na terra

Adorar a cicatriz converténdoa na miña única relixión.

Facerme amiga do anticiclón

sabéndome VIVA de (co) razón.

*"As ruínas son, a cotío,
as que abren as fiestras para ver o ceo"
(Viktor Frankl)*

IX. Nunca será a derradeira

*"Unha lingua é máis que unha obra de arte,
é matriz inesgotable de obras de arte"
(Alfonso Daniel Rodríguez Castelao)*

Ao fin e ao cabo a lingua nai é a que che resoa dentro,
Na que che "rima e desrima" o sentimento.
A do sotaque do meu devezo
e a que agroma cando estremezo.
Nunca será a derradeira "leición" porque nunca deixarán de dárnola.

X. Horror vacui

83 Unha páxina en branco, baleira, coma unha pista de despegue.
En ambos casos case, coa comechón no estómago cando miras á fronte.
E así, coma ese avión se vai acomodando, vai buscando a súa posición na pista... búscome entre estas
marxes.
A min mesma. E pode que tamén te busques ti.
Que o fixeras ou que o fagas cando leas estas liñas.
Cando peches os ollos e factures algún recordo.
Pode que non haxa baleiro máis grande que o que deixa un avión na pista de despegue.

XI. No exilio da marxe

"Escribo para dar-me por vencido sen pasar pola derrota"
(Baldo Ramos)

Pospoñémonos,
Presupoñémonos,
Obviámonos e mesmo nos ignoramos.
Procuramos certezas nas que morar pero o temor ao topalás é coma ao de namorar.
Desleixados.
Covardes.
Almacenamos o noso porvir...
No exilio da marxe.

3º PREMIO



LAURA LÓPEZ ESTEBAN

LUGO

Namorada das rúas compostelás, da arte que habita o seu ruído e os seus silencios eternos. Levo paseando da man da música desde o principio do camiño. Durante a infancia e os primeiros pasos da xuventude, o meu tempo enfocouse no violín, vivindo moitas tardes no conservatorio da miña cidade e participando tamén na Orquestra de Nenos da Sinfónica de Galicia. Ao mesmo tempo comezaba a experimentar coas letras e, especialmente, coa poesía. En varios intentos de plasmar os meus pensamentos no papel resultei galardoada en diferentes certames literarios galegos, como o Díaz Jácome, o Francisco Añón ou o Xuventude Crea, entre outros. Ao rematar o instituto trasladeime a Compostela para facer realidade o meu desexo de estudar Medicina. Alí continúo a facer música, sempre presente, e toco na Orquestra da USC. Cal é o camiño que quero seguir?: *Caminante, no hay camino, se hace camino al andar.*

FORMACIÓN ACADÉMICA

2015-2017: Bacharelato de ciencias no IES Lucus Augusti

2007-2017: Grao Profesional de Violín no CMUS de Lugo

2018-actualidade: Grao en Medicina na USC



Berce

Quero devolverlle a palabra ás miñas devanceiras; ás que ficaron mudas e ás que loitaron polo seu verso e polo das súas fillas. Quero agradecerlles porque sinto a fortuna de nacer muller do ventre dunha nai que naceu muller do ventre doutra nai que naceu muller do ventre doutra nai. Porque sacaron vidas adiante coma se fora unha milagre. Porque cando a miña nai era nena decidiu levantarse do chan e dar os seus primeiros pasos no medio da aspereza dunha ditadura, no medio dun tempo sementado de negro e de dor. Porque a nena que foi un día a miña avoa durmiu no frío do cárcere apoiando a súa cabeza pequeniña no ventre da muller que era a miña bisavoa. Por pensar, por querer pensar, por falar ante oídos xordos e aínda así querer pensar.

Venus
deusa nai

mulleres cheas de imperfeccións forman figuras perfectas
esculpidas nunha masa de barro imperecedoiro
que sufriu punzadas ata botar auga por todos os buratos
e que foi manipulado por criminais que se proclamaron artistas
curvas dunha beleza colosal que recibiron olladas de odio
mentes subxugadas ata sentir aversión polas irmás
hoxe somexidas en viño
berrando extasiadas
podemos reafirmarnos na verdade absoluta
do poder que nos outorgaron dende Cibeles ata a Dione
eu son a deusa que foron as miñas devanceiras
e a forza que serán as nosas fillas

I

nacer

deitada na fin dos pensamentos da nai
nun recuncho do mundo ao que ninguén mira
nunha terra fría, árida e desprovista de sol
nacer

coma quen fica sentado toda a vida
no recanto dun cantil onde todos os barcos naufragan
porque o faro perdeu a luz ao verme
nacer

II

que duro debe ser
espertar nunha noite que non ten fin
que duro debe ser o día se eu aparezo
no teu ventre novo e inexperto
nadando entre líquidos dun acto sen vontade
así coma quen pide entrar sen aceptar un non por resposta
e agochar na rúa a faciana entre as mans
e sentirse unha nube de po sobre a que todos rin
sobre a que todos critican
denuncian
insultan
ignorán cospén senten pena senten vergoña

o silencio reina nos espellos dos ollos
as palabras dos bicos coñecidos non constrúen
-tornaron nunha melodía envelenada que sona en bucle-

seguirei clamando ao ceo (ou a ti ou a quen escoite)

que chegue a fin deste corredor negro
que este cheirume abandone a miña pel de laranxa

que duro é
cando todos miran cara outro lado
que duro debe ser

III

mentres o ceo teña estrelas
pequena
eu sei que algún día chegarás
porque nas noites que se fan longas
nos días nos que a luz non quere quentar
imaxino o teu sorriso baixo o meu ollar
e todas as negras sombras desaparecen

ti
sendo tan miúda
e aínda non sendo máis ca un soño
podes converter os pesadelos en fume
que desaparece co vento coma un recordo

e se o ceo aínda ten estrelas
eu gardo a esperanza no centro da alma
para poder sentir a suavidade da túa pel de flor
para poder escoitar a túa voz de ninfa Eco
en cada espertar
a soidade me leva
pequena
a soidade me leva mentres penso en ti

No tempo do negro a miña nai escoitou que as mulleres levaban o pecado orixinal no ventre, no corpo, no peito. Pero non o creu, nunca o creu. E sufriu pero non calou. No tempo do negro, na terra do sufrimento seguiu camiñando tan lonxe que pensou perderse, ter tomado o camiño equivocado. Mais nunca foi o equivocado porque sempre foi o elixido.

o ceo está escuro

 crin recoñecer as túas cicatrices baixo as sabas
espertei vítima de Morfeo e agora sufro baixo a pel
as pantasma de alguén que non son eu
a ira de alguén a quen non lle debo nada

converteuse o gran amor
nun síndrome de Estocolmo
nunha gaiola da que non sei saír

baixo os versos que escribían as nosas avoas
en cartas de amor
agóchase un espello onde podo verme ao lonxe
coma un paxaro que aprende a voar

Dou as grazas e a miña voz a aquelas mulleres que estiveron e non puideron falar. Aos ventres loitadores que naceron doutros ventres loitadores que naceron doutros ventres loitadores. Dou as grazas por ser muller.

An abstract watercolor splash in shades of red, green, and brown on a light grey background. The splash is centered and radiates outwards, with a white, cloud-like center. The colors are blended and layered, creating a sense of movement and depth. The red is the most prominent, with green and brown accents. The overall effect is soft and artistic.

ESPECIALIDADE DE
RELATO BREVE



MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Yolanda Otero Balsa

Subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

Vogais

Elena Gallego Abad

Armando Requeixo Cuba

Francisco José Castro Veloso

Tamara Novoa Alonso

Secretaria

M.^a Elena Fernández Carrazón

1º PREMIO



NEREA PALLARES VILAR

LUGO

Interésame o insólito, o desconcertante. Sempre coma mecanismo subversivo para transgredir a orde simbólica e cuestionar a realidade consensuada. Esta busca levoume, no académico, a investigar as manifestacións artísticas do absurdo e, na creación literaria, a afondar na narrativa do estraño e nas novas formas de facer terror.

Escribí *Sidecar* (Ed. Oblicuas, 2015) e publiquéi algúns dos meus relatos en *La gran belleza*, *Granta* ou *Culturamas*. Tiven ocasión de desenvolver parte dos meus proxectos narrativos coma escritora residente na *Fundación Gala para Jóvenes Creadores* de Córdoba ou en *Axóuxere Editora*. Algúns dos meus contos obtiveron recoñecemento en certames literarios internacionais, entre os que destacan o *Premio Internacional de Cuento Las Dalias* ou o *Certamen Internacional MadWomenFest*.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2015-actualidade: UPF. Barcelona. Doutoramento en Humanidades.

2013-2014: UPF. Barcelona. Mestría en Estudos Comparativos de Literatura, Arte e Pensamento.

2007-2011: USC. Santiago de Compostela. Licenciatura en Xornalismo.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2020-actualidade: Bartleby&Co. Libreira e xestora cultural. Berlín.

2017-2020: Talkk. Responsable de comunicación e profesora de oratoria. A Coruña.



O seu corpo espido de limpeza semellábase, dun modo que non acadaba a entender, ao coello do mesado.

Un enigma natural.

Unha paisaxe de garras.

Mónica Ojeda, *Mandíbula*.

Ata que senten a urxencia, é raro verlles o branco dos ollos. A súa pupila negra ocúpao todo e un nunca sabe ben onde miran, se é que miran. Así e todo, cando baixa a man que os elixe, elevándoos por riba do resto, nace neles o principio dunha expresión. Cando llo contei, Fabiola me dixo, dende detrás do libro que estaba a ler no sofá, que non lle cadraba, iso dos cordeiros e os coellos e os ranchos poñendo caras. *Estaste suxestionando. Por que non deixas ese curro?*

Van uns tras outros porque só coñecen a vida en cativerio e a luz non os guía. Cando entro, vólvense cara min, idénticos, advertindo un estraño. Xa están todos colocados, animais e humanos, en perfecta simetría, arriba e abaixo. A radio e a maquinaria actívanse á vez cando comeza a xornada, sonan cancións parecidas e as cintas xiran moi a modo e sen ceses nas súas calculadas rutas elípticas por cada unha das plantas. Cada oito horas, rotan os empregados e entra unha lexión de novos animais. Pero un diría que son sempre os mesmos. Todo acontece nun día rebobinado.

«Durante a espera, non teñen acceso a comida nin bebida, polo que é importante vixiar a deshidratación, xa que esta pode causar problemas nos procesos posteriores». Hoxe é o cuarto día que visito o matadoiro. O director xeral guíame. Un corpo, outro, e o mesmo corpo. Un exército forrado de plástico e outro de pelo. Un mandil salpicado e unhas botas de goma que batuxan nos charcos. Un lío de cabezas brancas que se remexen boca abaixo e contáxianse o vermello que lles brota. Unhas mans de látex que desfán distraídas o enredo. E o director xeral agárrame do brazo e párase, sinalando. *Ve ao que me refiro, Miguel? Os idiotas da primeira planta non saben colgar ben as patas e iso nos trae estes problemas. Fágalle ver, é fundamental que figure no manual. Anoto: «O colgado ou suspensión polas extremidades posteriores aos ganchos individuais é unha operación de máxima relevancia para garantir a calidade*

do proceso. Do contrario, as unidades poden sufrir traumatismos, fracturas e cortes desiguais durante a cadea de sacrificio que repercuten na calidade da carne». O director xeral supervísame por riba das gafas. *Moi ben, Miguel, é vostede brillante. Vexo que o pillas todo á primeira.* Penso no moito que me molesta que Fabiola me suxerise que deixase este encargo sabendo que non nolo podemos permitir. O director xeral sorrí e ata pousa a man no meu ombro mentres continuamos o paseo polo exterminio en loop. Por riba das máscaras e das barreiras metálicas, traballadores e animais míranme asustados. Toda a habitación cheira a carne retida.

A batida das pranchas de latón indica que estamos preto da sala de atordamento. Unha sinfonía de cabezas de carneiro turra contra a concavidade das gaiolas ao sinal da pistola. Pola súa parte, as ovellas entréganse a habilidosas acrobacias, compoñen castelos aéreos case imposibles e camúflanse as unhas sobre ás outras á vez, nun mesmo rizo que treme. «Tras atordar as unidades, a punción será o método preferido para o desangrado, por ser o que facilita que a carne amose un mellor aspecto ante o consumidor. Para isto, debe romperse, coa axuda do punzón, a arteria carótide común e a vea xugular. Recoméndase que o proceso de desangrado dure polo menos tres minutos». *Tres minutos? Que disparate. Aí patinou, Miguel, de ningunha maneira; necesitamos axilízalo. Temos capacidade para facelo en apenas trinta segundos.* Dígolle que non o dubido, pero que se trata dunha medida cautelar para asegurarse de que os animais non entran vivos ao proceso de escaldado. Ao director xeral parecen facerlle moitísima gracia as palabras «medida cautelar». *Ía por bo camiño, Miguel, así que non perda de vista o enfoque.* Optimización. Continuamos o percorrido por evisceración, desollado, lavado de canles, despece. A mesma corrente de frío industrial une coma vértebras todas as estancias e todas as miradas. No único oco que descubren os seus uniformes, os empregados son só ollos de terra, cunha espesura sen brillo que os conecta con aqueles ollos bovinos e inertes alá arriba, no vaivén mecánico de cabezas. «O corte das patas debe facerse á altura do tarso, con coidado de realizalo no punto exacto, xa que os extremos irregulares poderían danar o futuro envase». Ao chegar á sala de clasificación e envasado, o director xeral despídese. *Ben, Miguel, creo que con isto xa pode facerse unha boa idea.*

*

—É guapo.

A cara que Lola pon ao comentario de Daniela pode ser de moitas cousas. Se fose por WhatsApp, tería enviado esa seria, que alza só unha cella. A que lle pon cando as súas propostas para o sábado parécenlle unha toleada: esa. Remata o cigarro, apágao contra a fachada e fai ese xesto de cabeza cara o interior, que

quere dicir «tocaron timbre». Entran, fichan, recollen de novo as súas tarxetas de identificación e pulsan o botón tres do ascensor. Dende hai un mes, deriváronas á planta de desollado. Cada certo tempo fanas rotar, para que non se acomoden. As vacas chéganlles aínda quentes. Son tan grandes que, aínda que a polea as sube e as baixa, pasan o día estirándose para conseguir ataniscarlles os pelellos. Namentres unha lle separa o reverso da pelaxe a coitelo, a outra vai tirando do manto sobrannte cara os caixóns portátiles, ata deixar espida a musculatura definida e brillante. Para o hilo musical establecen quendas, pero sempre escollen *trap*.

–Eu dígoche que, desta, *ciao*.

Daniela escóitaa dende arriba e acciona o descenso da plataforma.

–Ai non, Lola. Que a veces esgótame que te poñas tan negativa.

– E para que te cres que o ficharon a este?

– A quen, ho?

–Ao teu «guapo».

Daniela di que tampouco é tan raro que de vez en cando contraten a un externo para controlar os procesos. Pero Lola continúa.

–O vello encárgalle un informe porque quere aumentar a produción. É sinxelo: máis máquinas, menos xente.

Daniela está correndo a cinta para apartar tres peladiñas e cargar novas reses, pero entón para e vólvese. E limpando a man ao mandil, mira a Lola moi fixa.

–Pero cantos anos levamos facendo o mesmo, nena? Todos os días. Non creo que unha máquina aguante tanto.

*

Chego a casa dúas horas despois de que anoiteza. Fabiola está no sofá ceando fingers de polo con salsa de aguacate e acariñando a ratos a Gris, cando parece que se deixa. Achégame un prato, pero dígolle que non teño fame. Na tele, de fondo, un documental sobre os licaóns na Sabana. *Que tal foi*. Explícolle que o

director xeral quere que o manual estea listo antes de que remate a semana. *E vaiche dar tempo?* A miña cara engúrrase polo odiosa que me parece a pregunta. Ten que dar-me tempo. Ela sabe tan ben coma min que non hai opción. Os licaóns despregan todo o seu ritual de caza: móvense en manada, asexan un grupo de porcos bravos e, dun xeito que aínda non consigo entender, saben cal de todas as posibles vai ser a presa. E entón acontece: toda a súa musculatura contráese en forma de bala e dispáranse a un tempo nun tiro colectivo. Fabiola comenta que estivo «mirando algo», e que hoxe lle chegaron dúas negativas das últimas ofertas de traballo. Gris pon o bandullo cara arriba e aparta levemente, cunha docilidade impropia da súa esencia felina, os dedos de Fabiola que baixan para facerlle cóxegas. Non ves que non quere que o acariñes, dígolle, déixao tranquilo. *Pero que che pasa?* Mira para el, está resignado. *Resignado?* Fabiola óllame coma si me saíse un corno. Os cabeiros dos licaóns despezan ao xabril elixido mentres os demais foxen. A voz en off explica que os licaóns deben apurarse porque o cheiro do sangue podería atraer a outros animais. Ás veces, incluso, revértense os roles: documentáronse casos de porcos bravos que feren a grandes depredadores. Coma un escenario de traxedia grega, todo cobra na Sabana dimensións épicas e a vida e a morte ascenden ou caen, pesadas e definitivas. Miro a Gris e noto canto me irrita de súpeto a súa mansedume. *Estiven pensando noutras opcións para enviar o meu currículo, Miguel, quizais no matadoiro para o que fas o encargo busquen operarios, non?* Abandónome definitivamente á pantalla. Non creo que o noso gato sexa o único que xa non duraría nin un minuto na Sabana.

*

O director xeral congregounos na sala de xuntas e polo momento circulan máis rumores que información contrastada. Todos permanecen ante a porta pechada do despacho que só se abre para chamar ao seguinte. *O vello está facendo limpeza, din.* Sentáronse todos moi xuntos, coas costas protexidas polo vértice da habitación e, coa mirada fixa no pomo, dispáranse as dúbidas. *Irá chamando a todas as plantas ou só aos que estamos aquí? Ao mellor vannos explicar... Ao fin e ao cabo, están cambiando moitas cousas e teñen que informarnos. Non sexas inxenuo, se fose así, faríano nunha reunión e punto. Certo. Si, si, eu tamén o vexo así. Se o vello nos ten aquí é porque nos quere na rúa.* As sospeitas volven cada vez máis denso o momento e inquedos e apiñados, ao renxido do picaporte, temendo ser o próximo elixido, todos respiran axitados nun mesmo pulmón que treme. Ábrese a porta. Lola sae do despacho e diríxelle a Daniela unha mirada chorosa e dura. Unha voz opaca enuncia dende dentro o nome e apelidos do seguinte. Agora xa saben o que vén. Daniela levántase e sae tras a súa amiga. Só xira un instante no limiar, cando os demais lle preguntan que fai, a onde vai. *Non penso quedarme aquí, esperando.*

*


–Sabe unha das mellores cousas dun negocio coma este, Miguel?

Venme á mente a pregunta retórica do director xeral coa que inaugurou a cervexa á que me invitou despois da miña primeira visita ao matadoiro. Naquel momento eu agardei a resposta co meu primeiro trago, tal e coma el agardaba que fixese.

–O previsible que é. É magnífico. Todo acontece sempre como ten que acontecer e, no caso de que non sexa así, un pode atallar facilmente o problema. Cambiar unha peza por outra. Saber que ou quen falla. Por iso son tan importantes os protocolos que vostede nos está axudando a fixar. Brindo por iso, Miguel. Polo seu traballo. Saúde.

A lembranza do director xeral alzando a cervexa distraíame da redacción do informe. E teño que acabalo canto antes. Repaso á inversa aos capítulos redactados ata o momento, dende o final ao inicio. Dou por rematadas as seccións sobre técnicas emerxentes e en desuso; as medicións sobre o control de emisións; o picado, amasado, a cocción e outras moitas técnicas de produción dos materiais e entón volvo ao único capítulo que permanece en branco, o primeiro da sección sobre o matadoiro e a sala de despece, aquel que fala sobre o transporte dos animais dende os currais, o seu almacenamento e o tempo que discorre antes de que sexan suspendidos boca abaixo e comece a súa andaina. Aquel que din en chamar «recepción e espera». Esta semana teño que entregar o manual sen falta. Escribo: «para o transporte das unidades ao longo do matadoiro utilízase un transportador aéreo provisto de ganchos». Correcto; pero que sucede antes diso. Escribo: «debido á acumulación de pelaxe, po e outros posibles residuos, é imprescindible que o sacado de gaiolas e o colgado na cadea de sacrificio se realice nun lugar separado da nave principal». Un aire salpicado de pelos que xa non serven. Pero que sucede antes diso. «Os animais han de descargarse no momento previo ao sacrificio, preferiblemente non máis de 24 horas antes. Dentro do matadoiro, o lugar elixido para a espera debe ter boa ventilación». Penso en que sucede antes diso. Pero non escribo. Vino todo na expresión das pupilas. Un momento que é apenas un instante. Unha sensación imperativa que va máis alá do instinto. Uns ollos que procuran e din que non queren esperar o que segue. Mira a hora que é, digo para min. Os dedos sobre o teclado do portátil. No hai tempo, teño que avanzar. Que sucede antes diso, veña, escribe. Pero o cursor pestanexa.

2º PREMIO



MIGUEL CAVADAS

VIGO

Se cada escribo porque falando non consigo que se me entenda. Medrei nunha cidade de luz e de cor pero veño sendo fillo do monte, aínda que adoito ter moito frío. Estudei Filoloxía na Universidade de Santiago de Compostela, gañei algún certame literario e pertencín ás compañías de teatro universitario Faísca Teatro e Tra Tra Teatro. Entre os meus intereses tamén están o cinema, as series e a danza contemporánea. Grazas a unha bolsa de posgrao da Fundación La Caixa vou cursar un mestrado de *screenwriting* en Boston University. Vémonos á volta.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2015-2019: USC. Santiago de Compostela. Graduado en Lingua e Literatura Españolas.

2017-2018: Escola de teatro USC. Santiago de Compostela. Curso de Formación Continua en Dirección Escénica.



Moito se falaba na parroquia. Todo tipo de explicacións foran elucubradas. O xabaril. Esa fora a primeira hipótese, axiña descartada por falta de pegadas na terra ou herba remexida. Outra criatura aínda peor que quizais agromara directamente da terra, enviada dende o inframundo para castigar aos veciños por algunha negligencia bíblica. Un morto que deixara algún asunto pendente e precisaba axustar contas. Aquel vello túzaro da parroquia do lado, que quería roubar as inscricións das tumbas para que a xente non soubese onde xacían os seus devanceiros. Tamén se barallaban teorías menos arriscadas que achacaban as culpas á inclemencia atmosférica dos meses de inverno, á ferruxe que rillaba paseniño a cancela da entrada ou a unha cadela que tería tomado a sabía determinación de que o lugar onde se congregan os corpos murchos dos humanos era unha paraxe idónea para a zarrapicada da vida. Ninguén considerou que os murmurios que se escoitaban algunhas noites no camposanto podían ser unha confusión do crego, un conto das beatas ou unha fantasía do caneco. Nunca foron verdadeiramente conscientes do que alí estaba a acontecer, pero o certo é que, por unha vez, por unha soa vez, as sospeitas dos veciños eran asisadas.

Vino por vez primeira na misa do día de defuntos. Ao saírmos da igrexa, meu pai quedou parolando no adro cos outros homes, e miña nai colleume a min e ás miñas irmás pola man e levounos ao cemiterio. Despois de cambiar as flores dos avós, fíxonos axeonllarnos e rezar catro nosopais e un credo. Incapaz de seguir a ladaíña das miñas irmás, comecei a murmurar o pouco que coñecía da oración mentres me distraía entrevendo o que facía a outra xente. A escena que tan ben interpretaban miña nai e miñas irmás estaba sendo arremedada por todas as demais familias. De súpeto, un neno da miña idade, louro e rexo, no que reparara porque semellaba estar tan concentrado coma min, ergueuse e anunciou que non podía seguir rezando porque era ateo. Sen interromper a súa pregaría, súa nai propinoulle tal zafranada que o cativo bateu cos xeonllos de novo no chan. Miroume, dedicoume un xesto de resignación e uniuse á oración. Eu seguín observándoo. Nunca vira uns ollos coma os seus. Eran azuis. Pero non azul ceo. Nin azul mar. Nin ningún azul que se manifeste na natureza. Un azul que fora deseñado unicamente para encher o seu iris.

Avanzo lentamente polo carreiro, coma se non quixese chegar nunca a onde quero ir. Hai tantos anos que non piso estes camiños que non lembraba o seu cheiro. Mais todo segue estrañamente igual. Podería recrear todas as veces que estes pés percorreron este vieiro urxidos polo medo e a necesidade. Todas as veces que tropecei e caín e levanteime e seguín e sentín o lobo e corrín e mirei cara atrás e tomei mal a

curva e volvíñ tropezar e caer e levantarme e á fin enxerguei a tenue luz do misto. Pecho os ollos e tento facer o camiño de memoria.

–Chegaches ben?

Lanceime contra el e biqueino na boca coa insistencia febril propia dos atentados á abstinencia. Freoume de socate e pasou o mostreiro polos meus beizos.

–Fixécheste sangue, animal.

–Caín e batín cos fociños nun canto. Levei unha boa hostia.

–Moita présa traías, polo que vexo –dixo mentres me agarraba con forza a entreperna–. Aínda non aprendiches o camiño? A próxima vez mellor vés ti de primeiro.

–A esta hora xa non se distingue nada. Se o señorito acendese antes o misto...

Apertou aínda máis forte.

–Non podo gastar unha caixa enteira cada vez que vimos. Na casa nótase. Ademais, xa estás quente dabondo, non si?

Sentía que a miña erección, perfectamente encaixada entre as súas mans, non se podía conter máis nos pantalóns. Baixeinos e freoume.

–Agarda, agarda...

–Que foi?

–De verdade... aquí?

–Non temos outro sitio. Non imos ter outro sitio. Este é o noso sitio. Ou o facemos aquí ou non o facemos nunca.

A menos dunha cuarta da súa faciana, os seus ollos azuis brillaban cunha intensidade portentosa e eu aprendera a comunicarme con eles. Porén, a percepción do momento exacto no que a dúbida que reflectían mudou na aserción máis entregada non me permitiu anticipar o seu movemento e quedei perfectamente encaixado entre o seu corpo e unha ringleira de nichos.

Os encontros no camposanto repetíanse cada semana religiosamente. Unha mirada na misa era suficiente para confirmar que pasaríamos a noite xuntos. Tras rezar con miñas irmás as nosas oracións de antes de ir para a cama saltaba pola fiestra e alá marchaba. Coido que unha noite que saín demasiado cedo polo meu ímpeto impaciente miña irmá máis pequena advertíume, mais non dixo ren.

O primeiro que faciamos ao chegar ao camposanto, guiados por un desexo adolescente indomeable, era espirmos o un ao outro e pegar os nosos corpos. Ás veces, cando aínda quedaban uns restos desnortados de luz ou a lúa estaba chea, podíamos contemplar durante un intre o encerellado epitelial que compuñamos. Adoitabamos quedar durmidos ata o abrente e despois marchabamos por quendas. Sempre chegaba á casa mollado, morto de frío e con sono. Apenas unha hora despois espertábame miña nai para ir coas vacas.

Aprendemos a querernos entre lama, herba seca e cruces. O camposanto era o único lugar da aldea no que nos sabiamos seguros, protexidos, mesmo comprendidos. Dalgún xeito sentiamos que os mortos admiraban o noso amor como nunca farían os seus descendentes neste mundo. Eramos conscientes de que os vivos poden ser moito máis arrepiantes. A nosa unión era íntima entre nós e coa terra. Fecundabamos o campo coa semente do noso amor. Gozabamos a morte máis pequena no espazo da memoria de todas as vidas pasadas.

Abro os ollos ao bater co pé dereito nos restos tristes da vella cancela enferruxada e sorpréndome de ter sido quen de facer o camiño. Adéntrome no camposanto coa solemnidade que merece e reparo na cantidade de nomes coñecidos que leo nas campas. Un mosaico onomástico que dá conta do esmorecemento progresivo dunha aldea exposto coidadosamente na pedra coma se fose unha obra de arte. Avanzo firmemente até situarme a menos dunha cuarta do nome que leva a miña nenez. A diferenza entre as dúas datas inscritas é tan minúscula que lacera cada lembranza daquel tempo. No canto de axeonllarme e rezar catro nosopais e un credo, arrédome. Afástome do teu corpo porque non me podo pegar a el. Afástome do teu corpo porque venero o teu ateísmo. Afástome do teu corpo porque coñezo o lugar exacto no que debería estar soterrado. Camiño entre lama, herba seca e cruces calculando a dimensión exacta dos meus pasos para trazar as extremas do noso recullo. E alí, nese preciso punto do espazo, dispoño coa esixencia milimétrica do artista o feixe de flores azuis que apreixaba na man e azaméloas co sal das miñas bágoas na procura dun matiz que se asemelle á cor dos teus ollos.

Levaba case unha hora agardando, gorecéndome do zoar do vento detrás do mausoleo do indiano. Fora un dos días con máis friaxe do outono e a ameaza da choiva non agoiraba unha noite mansa. Á fin escoli-

tei un ruído que proviña do carreiro e prendín rapidamente un misto. Ninguén se achegou. Aínda tiven que esperar outros vinte minutos a que aparecese.

–Que carallo che pasou?

–Perdoa, perdoa.

–Antes pareceume escoitar algo. Coma un renxido dunha galla ou algo así... Pensei que eras ti pero non. Asusteime. Oíches hoxe no adro que o vello da casa da cruz ía axexar a ver que pasaba no camposanto? Por esas historias de merda que están contando.

–Boh, o vello da casa da cruz sempre vai axexalo todo, e iso que está medio xordo.

–Como tardaches tanto?

–Estiven rifando coa miña nai –estaba tremendo e os seus ollos indicaban alarma–... creo que o sabe.

–Como vai sabelo?

–Non o sei, pero creo que o sabe...

Agarreino polos ombreiros para que acougase. Nunca o vira tan nervioso. Non era capaz de deter o seu tremor. Non podía abesourar os seus ollos porque evitaba mirarme con eles. Había algo máis.

–Que che dixo?

–Quere que case. Coa neta do indiano. É o mellor para todos. Vouno facer. Temos que deixar de vernos. Vin para dicircho.

Nese preciso instante coñecín unha das verdades máis devastadoras da existencia humana: non haberá obra de enxeñería que acade maior celeridade que a dun corazón rompendo. Tardei máis dun minuto en volver abrir a boca.

–O neno que non lle quería rezar nin aos seus mortos vai casar coa neta do indiano.

–Ese neno agora é un home. Ti tamén deberías empezar a medrar. Non te decatás de que non podemos pasar toda a vida fodendo nun puto cemiterio? Un día vannos cachar, vannos pór contra esta mesma parede e vannos guindar pedras ata vernos desfigurados no chan.

–Entón cóntame, como pensas pasar toda a túa vida, eh? Só ou con alguén a quen non poidas querer?

Calou. Ergueu a cabeza e por fin puider miralo aos ollos. Choraba. Eu tamén, supoño. De súpeto, lanzóuseme e apertoume, os nosos corpos máis pegados ca nunca. Os seus ollos estaban grandes, redondos, pletóricos. Refulxían na escuridade da noite e reflectían a miña fisionomía.


–Con...

Non lle deu tempo a rematar a palabra. O disparo foi áxil e certo. Sentín todo o seu peso pendendo das miñas mans. O sangue filtrábase polo tecido enchoupando o meu corpo. A expresión de horror dos seus ollos abertísimos cravábase na miña faciana coma unha cruz de cristal fendéndome por dentro. A luz do faro cegoume e impediume distinguir a silueta do home que o sostíña. Escoitei o seu berro afogado, o impacto do foco no chan e a cantiga acelerada dos seus pés afastándose. Fiquei alí toda a noite. Non berrei. Non chorei. Non recei. Soamente contiven a súa figura entre os meus brazos e non me arrededei do seu corpo ata o abrente.

Unha beata atopouno á mañá seguinte e alertou os veciños. A maldición do camposanto cobrábase unha vítima o propio día de defuntos. A pesar de que o perfecto furado da bala a altura das costelas deu pé a algunhas explicacións restrinxidas ao ámbito humano que non houberon tardar en se esquecer, a súa morte elevou os chismes á categoría de lenda. Ninguén se atreveu a achegarse ao camposanto durante meses, por máis que os ruidos cesaran. Á fin, os homes da parroquia organizaron unha batida nocturna para confirmar que aquilo que errara polo cemiterio tempo atrás estaba tan morto coma os corpos nas sepulturas. Eu tamén fun, pois xa me correspondía por idade, e cando me abaixei no noso recullo a ulir a terra para comprobar se aínda conservaba o seu cheiro sorprendín o vello da casa da cruz fitándome. Non podo asegurar que fose el. Tampouco podo saber se foi un sobresalto malfadado ou un acto intencional de odio. O único que sei é que aquel fillo de puta nunca falou. E eu, por moito que me torturase, tampouco.

Moito se falaba na parroquia. Todo tipo de explicacións foran elucubradas. Podía ser o vento que as transportaba dende unha lápida próxima, ou talvez un animal cruzando cara a fraga, pero o máis probable é que fose obra dunha persoa. Unha chanza, unha advertencia, unha ofrenda. Os máis vellos insistían en que ninguén fora soterrado nese punto que semellaba accidental, entre lama, herba seca e cruces. Alguén mesmo recordara aquela lenda sobre un mozo que atoparan morto no camposanto. O caso é que ninguén sabía por que cada primeiro de novembro ao abrente aparecía nese preciso lugar un feixe de flores dunha cor azul que rara vez se manifestaba na natureza. Un azul que parecía que fora deseñado unicamente para encher eses pétalos.

3º PREMIO



IAGO FERNÁNDEZ

FERROL

Vivín en Barcelona, Reino Unido e Portugal. Gústanme Harold Bloom, Béla Tarr, Leyland Kirby e Takashi Murakami. Divírteme traducir poemas coma os de Robert Hayden ou Allen Tate. Coido que recentemente entramos no Kali-iuga.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2010-2014: UB. Barcelona. Grao en Estudos literarios

2015-2016: UB. Barcelona. Mestrado de Formación do Profesorado

2016-2018: USC. Doutoramento en Estudos da Literatura e da Cultura



Oh, capitán! Meu capitán!

I

Enroleime no Sea Shepherd moito antes do encarceramento de Watson. Daquela, el xa era unha peza irremplazable da escena ecoloxista mundial: en 1971, participara na fundación de Greenpeace, e en 1977, na da Sea Shepherd Conservation Society. A súa saída de Greenpeace debeuse á falta de resultados prácticos. De que servía que certos poderes internacionais declarasen o océano Antártico área protexida, se os baleeiros noruegos e xaponeses transgredían as leis sen recibir castigo? Para afrontar esta situación, Watson creou a Sea Shepherd Conservation Society, dedicada en exclusiva ao intervencionismo ecoloxista e, en moitos casos, ao que a opinión pública chama ecoterrorismo.

En primeiro lugar, quería aclarar esta denominación. Polo xeral, o eco-terrorismo vincúlase ás actividades criminais de suxeitos coma Theodore John Kaczynski, mundialmente coñecido como “Unabomber”, un prodixioso matemático estadounidense que, a unha idade xa madura, dedicouse a confeccionar e repartir paquetes explosivos por todo o país para rebelarse contra a sociedade tecno-industrial. Ese non era o caso de Watson nin da Sea Shepherd Conservation Society, que se limitaban a librar unha guerra particular no medio do Ártico contra as frotas de baleeiros noruegos e xaponeses. A súa tarefa principal era evitar a calquera prezo a aniquilación de baleas, asumindo non poucas veces riscos mortais. En canto avistabamos un baleeiro en alta mar, apurabámonos a chocar co seu casco e, se chegabamos tarde de máis, estragabamos os cadáveres das baleas verquendo arredor produtos químicos, ou produciamos unha avaría nas hélices do barco embeleñándoas con rexos cabos de aceiro. Os baleeiros, a modo de resposta, disparábannos con canóns de auga e, cando detectaban un dos nosos helicópteros sobrevoando as inmediacións, incapacitaban o piloto emitindo frecuencias de son cun potente I(ntegrated)L(istening)S(sistema). Por máis que o neguen publicamente, tamén intentaron matar a Watson unhas cantas veces.

II

Para situar a acción como é debido, remontareime ao 3 de marzo do 2008. Estabamos na metade da Operación Migaloo, cuxo obxectivo era neutralizar unha frota de baleeiros xaponeses. Ese día fixémoslle fronte ao Nisshin Maru, unha aberración de 8.145 toneladas equipada con instalacións para procesar e

envasar carne de balea. A táctica que seguimos para neutralizalo foi a seguinte: prepararmos unha vasta remesa de botellas de cristal cheas de ácido butírico, aproximarnos o máis posible á eslora e encestar as botellas na cuberta inimiga. O ácido butírico é tan pestilente, que causa vómitos e mareos incluso respirado ao aire libre.

Os tripulantes do Nisshin Maru contraatacaron con granadas atordadoras. Desde a ponte, vimos como corrían en bandadas até a varanda, tapando media cara con panos ou coa roupa, e realizaban os lanzamentos. Esparexémonos coma coellos amedrentados e, se tiñamos preto un curruncho, acazapábonos alí. Debido aos estalidos, era como estar no medio dunha sucesión de aludes. En canto a min, antes de me ocultar tras do hangar do helicóptero, perdín o sentido e un dos meus compañeiros, Jacques, saíu axilmente de dentro do hangar e levoume canda el.

Cando volví en min, todo rematara e Jacques fórase. Levanteime, refreguei os ollos cos dedos e, por tras dos cristais da cabina, distinguín varias siluetas. Non quedaba ninguén na cuberta. Fun á cabina e, ao entrar, atopeime a Jacques gobernando o temón e a Watson encorcovado sobre o panel de mandos, agarrando coa man o tríceps do outro brazo e vendo como o Nisshin Maru emprendía unha viraxe. A faciana de Watson, lívida coma o esperma das candeas, contraíase nun xesto de dor. Fóra de si, díxolle a Jacques de recuar e colidir contra a popa do buque, que non quedaba máis remedio ca afundilo a cabezadas. Jacques, sen ousar desobedecer unha orde directa, manobrava o máis lentamente posible, segundo me confesou despois, coa esperanza de que o Nisshin Maru se afastase de máis e o sentido común enfriase o carácter de Watson. E por sorte, iso foi o que aconteceu. Despois Watson, nun inesperado arranque de contención, preguntoume que tal estaba e se había feridos.

Horas máis tarde, reunímonos todos na cantina. Watson tiña o brazo nunha estribeira. Solememente, sentou á cabeceira da mesa, serviuse un café e anunciou que lle dispararan; que atravesaran unha liña vermella e que era o noso deber responder de forma proporcional. Magoj, un tripulante indio, díxolle que, para afundir metaforicamente o Nisshin Maru, bastaba con presentar ante un tribunal internacional a bala que lle extraeran na enfermaría. Watson, coma se non oíse a suxerencia, continuou co parlamento, cada vez máis alporizado. Non o enfadaba tanto a ferida coma o desprezo do disparo.

Ninguén engadiu nada. Watson quedou absorto, mirando o reflexo das luces halóxenas no café. Andaba polos sesenta anos, estaba en mala forma e os seus cabelos, sempre espeluxados, eran da cor da fariña. Eu levaba coincidindo con el desde 1977, cando a fundación da Sea Shepherd Conservation Society, e sorprendeume que conservase a contaxiosa indignación que o fixera abandonar Greenpeace. No meu

caso, aunque cría relixiosamente na loita e na importancia do Sea Shepherd, tomaba os accidentes como parte dunha rutina de traballo, e non como algo persoal.

O verdadeiro problema chegou cando Watson se empeñou en alongar a Operación Migaloo e volver cargar contra o Nisshin Maru en lugar de trasladarnos a porto, pór o barco a punto e centrarnos na seguinte operación.

III

O 3 de marzo del 2008, cando Watson decidiu realizar a nova carga, quizais debín disuadilo. Mentres nos obcecábamos en estragar os plans do Nisshin Maru, outros baleeiros e atuneiros tinguían de sangue os cinco océanos. Ademais, se as nosas posibilidades de vencer a semellante buque eran escasas de seu, no noso estado, con Watson alienado e o Sea Shepherd ao bordo da avaría, volvíanse practicamente nulas.

No entanto, decisións como a de contraatacar á desesperada eran típicas del. Nunca cuestionaría a súa intelixencia, unha prodixiosa maquinaria de combinacións inagardadas, mais se esta se contrapesase nunha balanza co seu corazón, é evidente que prato batería estrepitosamente no chan. E malia a todo, atendendo aos seus logros como capitán, quen podería xulgallo?

IV

Cando alcanzamos o Nisshin Maru, sorprendémolo en plena caza, aproximándose a un conxunto de paralelepípedos de xeo ao tempo que o facía a unha familia de baleas boreais. Watson, desde a cabina, mirando polos prismáticos, díxolle a Jacques que atacase; deixou a un lado os prismáticos, cruzouse de brazos, beliscou o queixo e agardou tan quedo coma unha estatua a chegada do impacto. Permanecía inexpressivo. Eu estaba atento a que nos ordenase coller as botellas de ácido butírico; pero, para a miña sorpresa, mandounos preparar as lanchas e situarnos entre as baleas e o buque. O único obxectivo da carga era facernos gañar tempo.

Antes de que ao Nisshin Maru, xa próximo aos fragmentos xeados, lle dese tempo a manobrar, logramos impactar nel, desestabilizándoo e rabuñándolle a capa de pintura. Subimos ás lanchas e colocámonos fronte ao arpón, unha pesada máquina situada na proa. Eu compartía lancha con Watson e con outros

tres compañeiros. Ignoraba que ía facer o noso capitán. A lancha cambaleaba por causa da ondada e dos movementos das baleas, e pensei que en calquera momento podíamos envorcar. Entón, sentín baixo os pés algo que non volvíñ sentir nunca: cómo unha das baleas, quen sabe de que tamaño e peso, se desprazaba xusto por debaixo de nós, ondeando as correntes ao seu paso e imprimíndolle á lancha un suave abaneo. Que o mesmísimo leviatán estivese, segundo parecía, dando voltas en círculo por baixo de nós, fixo que me sentise máis seguro, coma se a auga xeada fose un falso chan por tras do que, se nos precipitabamos, se achase unha acolchada superficie escorregadiza que amortecería a caída. Á marxe dese detalle, rezaba para que Watson tomase unha determinación acertada. Non moito despois, cando o capitán do Nisshin Maru, alertado polo arponeiro, se asomou á proa do buque, souben que xa a tomara, que a súa determinación era chantarse de brazos cruzados diante do seu igual, retándoo a dispararlle de novo e dándolle a entender que, se quería cazar as baleas, debería asasinalo abertamente; se estaba disposto a tal cousa, aí o tiña, á fronte da súa tripulación, coma un tótem indio, serio, austero e desafiante, mais retocado con enxunlla nas meixelas, cabelos e barba enfariñados e unha enganosa aura de santidad. Con axuda dos prismáticos, vin como o capitán do Nisshin Maru cruzaba unhas palabras cos seus homes, pasaba o dedo índice ao longo da xugular, coma se rebandase o pescoco, e sinalaba cara adiante. Esperando que entrase en razón, díxenlle a Watson o que acababa de ver.

A continuación, estiven a menos dun segundo da morte. O arponeiro apuntou cara a nós, é dicir, cara a unha das baleas cuxo lombo asomaba ás nosas costas, pero sen reparo de que o disparo enfiase os nosos estómagos. Escoitei o trono do arpón e cómo, conforme se aproximaba a gran velocidade, adelgazábase e intensificábase até se converter nun asubío; á vez, vin, coidei ver ou coído ver neste preciso intre, reflectido no ollo da mente, a chiscadela prateada dese arpón, agrandándose no espazo até situarse a non sei cantos milímetros do meu peito, e antes de que me atravesase o corazón... Apareceu ante min un corpo xigante de cor cemento que, dun salto, eclipsou a luz do sol, o Nisshin Maru e todo o horizonte do Ártico, para ser brutalmente arponado. Suspendido no baleiro, lembro un ollo do tamaño do meu puño, negro coma o betume e coruscante coma unha lámpada recén apagada, que agora, no recordo, me fai sentir en comunión cunha graza infinita.

Logo, o lombo bateu no prato da auga, levantou unha ondada tremenda e afundiuse para sempre. A superficie do mar comezou a tinguirse lentamente de vermello.

Desde entón, nunca me separei do capitán. E agora que acaba de entrar no cárcere, tal e como me pediu, dispóñome a vestir con orgullo a súa chaqueta.

An abstract watercolor splash in shades of red, green, and brown, centered on a light grey background. The splash is composed of several overlapping, irregular shapes that radiate from a central white point. The colors are blended and layered, creating a sense of movement and depth. The red is the most prominent, with various tones from deep maroon to bright pink. Green and brown are also present, adding to the complexity of the composition. The overall effect is that of a dynamic, organic form.

ESPECIALIDADE DE
TEATRO



MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Yolanda Otero Balsa

Subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

Vogais

Manuel Guede Oliva

Juan Pablo Rodríguez Santiago


Antonio Vázquez Turnes

Inma López Silva

Secretaria

Ángela Fernández Rey

1º PREMIO



GACELA TEATRO

DATA DE CREACIÓN DO GRUPO: 01/06/2019

“Coñecémonos facendo teatro, [...] supoño que quixeches montar unha representación final, a modo de homenaxe” é unha das frases de Ramón en Palabras encadeadas que, curiosamente, se afai moi ben é orixe de Gacela Teatro. En 2015 tivemos a sorte de entrar xuntas na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia e compartir grupo durante tres anos, dando lugar a experiencias diversas en proxectos moi variados que forxaron unha amizade nacida e crecida sobre escenarios. A posta en escena desta peza supuxo unha homenaxe ao noso percorrido xuntas, o fin da nosa etapa académica e, consecuentemente, o inicio da nosa vida laboral que dá lugar á creación desta compañía que ten como obxectivo seguir utilizando o teatro feito desde as entrañas como unha ferramenta poderosa de transformación social.

Gacela Teatro somos:

Alejandro Mejuto, Judith Ortigueira e David Carbó

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 18/06/2019: Representación da obra Palabras encadeadas na ESAD de Galicia
- 19/06/2019: Representación da obra Palabras encadeadas na ESAD de Galicia
- 11/09/2019: Representación da obra Palabras encadeadas no IES Rosalía de Castro



2º PREMIO COMPARTIDO



FARÁNDULA VELUTINA

DATA DE CREACIÓN: AGOSTO DE 2018

No verán de 2018, un grupo de mozos e mozas, antigos membros da agrupación de teatro escola Tuéjele Teatro do I.E.S. Fernando Blanco de Cee, xunto cos nosos profesores e directores, Fernando Castro Paredes e Marina Gómez Pose, decidimos formar o grupo de teatro afeccionado Farándula Velutina, vinculado á asociación cultural As Nove Musas, de Corcubión, co obxectivo de xerar un espazo de creación escénica de espectáculos para todo tipo de públicos. Na nosa breve andadura, xa temos colaborado activamente coa vida cultural da bisbarra.

A nosa filosofía é traballar con textos de creación propia. É por iso que salvo a versión da *Cantante calva*, de Ionesco, as nosas representacións parten de textos do autor Fernando Castro Paredes, membro activo do grupo, ou de textos de creación colectiva.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 25/11/2018. Representación de dous skechs de *Farándula Velutina*, nun acto organizado pola asociación feminista Buserana con motivo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, na Praza 8 de marzo, en Cee.
- 01/02/2019. Posta en escena dun fragmento da peza *A derradeira bala*, de Fernando Castro Paredes co motivo da presentación do libro na Casa de Cultura de Cee.
- 02/03/2019. Presentación *Gala de Entroido 2019*, na Casa de Cultura de Corcubión.
- 23/04/2019. *A cantante calva*, versión libre da obra de Eugène Ionesco, no IES Calvo Sotelo da Coruña.
- 1/06/2019. *A cantante calva*, versión libre da obra de Eugène Ionesco, na Casa de Cultura de Corcubión.
- 05/07/2019. *A cantante calva*, versión libre da obra de Eugène Ionesco, na Casa de Cultura de Rois.
- 19/07/2019. *Recreación do Desembarco das Tropas do Arcebispo de Luna*, no marco do XIX Mercado Medieval da Costa da Morte na Praia de Quenxe, en Corcubión.
- 3/08/2019 colaboración coa Banda Municipal de Cee, cunha dramatización do conxuro da Queimada no marco da peza *Suite Galaica*, co motivo do IX Memorial Manuel Rebolgar, na Alameda de Cee.
- 22/09/2019. *A cantante calva*, versión libre da obra de Eugène Ionesco, na Casa de Cultura de Sada.
- 13/11/2019 *Papiroflexia* de Fernando Castro Paredes, no IES Rosalía de Castro en Santiago de Compostela.
- 24/11/2019. *Animais de compañía* de Fernando Castro Paredes, na Casa da Cultura de Corcubión.
- 02/03/2020. *Papiroflexia* de Fernando Castro Paredes, no ES Fernando Blanco de Cee.
- 08/03/2020. Representación de *As lavandeiras*, performance de *Farándula Velutina*, na Praza de Castelao de Corcubión.



Papiroflexia



2º PREMIO COMPARTIDO



SOLO TEATRO

DATA DE CREACIÓN: XUÑO DO 2013

O grupo xorde cando Fernando Gabelo lle propón a Matilde Vázquez Iglesias, a nosa directora, un proxecto puntual: crear a obra de SOLO a favor da AECC. E o grupo acabou perpetuándose no tempo co nome de SOLO.

O feito de poder actuar en Newark, fixo que nos convertéramos en Asociación Cultural sen ánimo de lucro. Unha función inesquecible cos noso/as compatriotas.

Impartimos obradoiros de teatro no último curso de Educación e Traballo Social da Universidade de Vigo así como no Espazo Xove da Xunta de Galicia de Ourense.

Coa obra *Solo* fomos seleccionada/os para representar a España no Festival Internacional de Teatro Amateur AITA/IATA 2019 de Saint John, Canada.

Tiñamos máis actuacións previstas coa *Cor do leite*, suspendidas polo confinamento.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

Formado por ex-alumnado da materia optativa, incluída no currículo de 4º da ESO, IAD (Iniciación á Arte Dramática), impartida por Matilde Vázquez Iglesias na Universidade Laboral de Ourense, durante quince cursos consecutivos, comprendidos desde o ano 2001 ata o 2016.

2016. Representación da obra *Solo* en: Teatro Principal de Ourense, Auditorio A Fundación (García Barbón), en Vigo, Auditorio Municipal Ilduara de Celanova.
2017. Representación da obra *Solo* en: Centro Cívico de Caranza, Ferrol, Auditorio Municipal de Vilamarín en Ourense, Auditorio Municipal Ángel Cocho en Xinzo de Limia, Auditorio Municipal de Verín, Centro Orensano de Newark en Nova Jersey (EE. UU.) e no Auditorio de Cambeo en Coles, Ourense.
2018. Representación da obra *Solo* no Antigo Cárcere de Lugo.
- Representación da obra *O misterio da Cuqueira* en: Mostra de Teatro do Barrio da Cuña, Ourense, Universidade Laboral de Ourense (alumnado), Universidade Laboral de Ourense (público en xeral), Auditorio de Cambeo en Coles, Ourense.
2019. Representación da obra *O misterio da Cuqueira* en: Escola Municipal das Artes Escénicas e Música de Ourense e Auditorio da Serra de Outes (finalista no programa Xuventude Crea).
- Representación da obra *Da cor do leite* en: Universidade Laboral de Ourense, A espazo aberto en Loiro, Barbadás (Ourense), Abadiño V. Antxerki Jaialdia (Bilbao), Auditorio do IES Rosalía de Castro, Santiago, Casa do Concello de Corcubión, Auditorio Municipal Sebastián Cestero, Villanueva del Pardillo (Madrid).
2020. Representación da obra *Da cor do leite* en: Universidade Laboral de Ourense (alumnado).



Da cor do leite



3º PREMIO COMPARTIDO



FAÍSCA TEATRO

DATA DE CREACIÓN: CURSO 2017-2018

Somos unha compañía de teatro universitario que xurdiu a partir dos cursos de Interpretación e Dirección da Escola de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela. Apostamos por un teatro experimental, activo, interdisciplinar e de creación colectiva. Prescindimos da figura do director para achegar, estruturar e escenificar materiais entre todos, de xeito colaborativo, partindo dunha idea común que conteña a mensaxe que, como grupo, queremos transmitir na nosa propia linguaxe. No noso espectáculo máis recente, *O que che contei mentres facías que durmías*, indagamos sobre o fenómeno dos sonhos a través do trasfegar cotián das persoas empregadas dunha empresa de sonhos a domicilio, Drimo.

Formamos Faísca Lucía Alcalde, María Alonso, Lucía Bascoy, Miguel Cavadas, Martín Gómez, Icíá Rodríguez, Loaira Lázare e Jose Vera.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 02/05/2018. Representación da obra *Historia natural das estrañas criaturas mariñas*, no Teatro Principal de Compostela.
- 15/11/2018. Representación da obra *Historia natural das estrañas criaturas mariñas*, na casa da cultura de Outes.
- 21/11/2018. Representación da obra *Extracto modernito das Metamorfoses de Ovidio*, na Facultade de Filoloxía da USC.
- 23/11/2018. Representación da obra *Extracto modernito das Metamorfoses de Ovidio*, no centro sociocultural de Vite, Compostela.
- 10/02/2019. Representación da obra *Extracto modernito das Metamorfoses de Ovidio*, no Liceo de Noia.
- 23/05/2019. Representación da obra *O que che contei mentres facías que durmías*, no Teatro Principal de Compostela.
- 13/11/2019. Representación da obra *O que che contei mentres facías que durmías*, no IES Plurilingüe Rosalía de Castro.
- 15/11/2019. Representación da obra *O que che contei mentres facías que durmías*, no Centro Xove da Almáciga, Compostela.



O que che contei mentres facías que durmías



3º PREMIO COMPARTIDO



LABARATA PRODUCCIONES

DATA DE CREACIÓN: 2013

LaBarata Produccións: Somos un grupo de teatro afeccionado de Santiago de Compostela composto maioritariamente por alumnado da USC. Buscamos formas de expresarnos e atopamos no teatro o medio idóneo de comunicar as nosas inquietudes. Polo descaro inherente da nosa idade, as nosas obras gozan dunha frescura e descaro como pátina xeral. Xogando moito cos espazos, onde a iluminación ten un papel destacable e explotando todas as habilidades dos membros, os espectáculos poden mesturar outras disciplinas artísticas como a música, a danza, as novas tecnoloxías...

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 28/09/2017: *Self. A esencia dun mesmo*. Casa de Europa, Santiago de Compostela.
- 28/04/2018: *Al dente*. Sala Vidal Bolaño, Santiago de Compostela.
- 29/04/2018: *Al dente*. Sala Vidal Bolaño, Santiago de Compostela.
- 27/09/2018: *LaBarata no seu punto*. Casa de Europa, Santiago de Compostela.
- 15/05/2019: *Solo de triángulo en Re. 2º movemento. 3ª parte. Allegro (pero non tanto)*. Teatro Principal, Santiago de Compostela.
- 20/10/2019: *Solo de triángulo en Re. 2º movemento. 3ª parte. Allegro (pero non tanto)*. Auditorio Manuel María do Carballiño.
- 11/11/2019: *Solo de triángulo en Re. 2º movemento. 3ª parte. Allegro (pero non tanto)*. Salón de actos IES Rosalía de Castro, Santiago de Compostela



Solo de triángulo en Re, 2º movimiento, 3ª parte. Allegro (pero non tanto)



An abstract watercolor splash in shades of red, green, and brown on a white background. The splash is centered and radiates outwards, with the colors blending into each other and the white background. The text is overlaid on the white center of the splash.

ESPECIALIDADE DE
VIDEOCREACIÓN



MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Yolanda Otero Balsa

Subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

Vogais

Ignacio Vilar Díaz

Francisco Freire Magariños

Xabier López Mosquera

Ana Míguez Vázquez

Pablo Comesaña Pérez

Secretaria

M.^a Pilar Vilariño Pereira

1º PREMIO



PAULA VALIÑO RIVERA

A CORUÑA

Como calquera cativo, comecei aprendendo primeiro por medio dos debuxos e dos pictogramas. Co paso do tempo, desenvolvín máis esta faceta que a numérica e á das letras, o que me levou na actualidade a interesarme polo mundo da ilustración e da animación 2D. Penso que o debuxo é a miña mellor ferramenta para darme a coñecer; un conglomerado de pensamentos pasaxeiros, mundos e personaxes imaxinarios e tamén de referentes que me inspiran e me teñen inspirado ata agora procedentes especialmente da música e do audiovisual.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2015-2019 UVigo. Pontevedra. Graduada en Belas Artes.



Reciprocidade: entre o medo e a vontade



2º PREMIO



NICOLÁS VÁZQUEZ BEN

VIGO

O meu traballo indaga nas artes plásticas como medio narrativo, xa sexa a través da banda deseñada, da ilustración ou da animación. Sempre con fins experimentais, atopando novos camiños e procedementos para desenvolver unha historia, de modo que a creación se volva algo emocionante, tanto para a persoa artista como para a persoa espectadora.


FORMACIÓN ACADÉMICA

2012-2016: Universidade de Vigo. Pontevedra.
Graduado en Belas Artes.

2016-2018: Universidade de Vigo. Pontevedra. Mes-
trado en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual.



Fuga



3º PREMIO



CATUXA NEGREIRA

SANTA COMBA

Non me considero unha cinéfila nin ningunha desas novas palabras xurdidas para catalogar á xente. Non me gustan as etiquetas. Gústame o movemento nas imaxes, as historias contadas a través dunha cámara. Adoro rir e, sobre todo, chorar con esas vidas que podemos ler ou visualizar.

Encántame ver a tolemia da xente, ver como chegan ou superan os seus límites morais, éticos e intelectuais coa fin de chegar a novas conclusións. Esa reciclaxe constante do pensamento.

A obra *Metamorfosis* só foi unha proba a facer algo diferente, fóra da zona de confort.

Como me gusta saír do círculo ao que estou habituada para aprender cousas novas. Ou non.

FORMACIÓN ACADÉMICA

2014-2018: Deseño gráfico na Universidade Europea de Madrid. Madrid.

2019: Curso de Preimpresión no CIFP Compostela. Santiago de Compostela..


EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019-actualidade: Deseñadora gráfica en Troquel Games. Teo, Galiza.



Metamorfosis



 Xacobeo 2021

galicia



XUNTA DE GALICIA